



PARLAMENTO DE GALICIA

III Lexislatura

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

Sesión plenaria núm. 105

Celebrada o mércores, 11 de marzo de 1992

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto único: Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuro.

SUMARIO

Reiníciase a sesión ás cinco e cinco minutos da tarde.

0 señor presidente explícalle á Cámara o xeito no que se desenvolverá o debate, e rógalle 6 señor secretario que dea conta das propostas presentadas. Así o fai o señor secretario (Iribarren Fernández-Rogina). 0 señorpresidente abre a rolda de intervencións de grupos parlamentarios para que presenten e defendan as súas propostas de resolución. Nesta rolda interveñen os señores Oujo Bello (G.P. Mixto), Nogueira Román (G.P.Mixto), Beiras Torrado {G.P. do Bloque Nacionalista Galego), Rodríguez Pardo (G. P. dos Socialistas de Galicia) e González Suárez (G.P. Popular).

0 señor presidente suspende a sesión por quince minutos.

Suspéndese a sesión.

Reiníciase a sesión.

0 señor presidente abre unha rolda de intervencións para que os grupos parlamentarios tomen posición respecto das propostas de resolución dos demais grupos. Nesta rolda fan uso da palabra os señores Conde Cid (G. P. Mixto), Oujo Bello (G.P. Mixto), Nogueira Román (G. P. Mixto), Beiras Torrado (G.P. do Bloque Nacionalista Galego), Rodríguez Pardo (G.P. dos Socialistas de Galicia) e González Suárez (G. P. Popular).

-Votación das propostas de resolución páx. 630

0 señor presidente solicítalles ós portavoces dos grupos parlamentarios que lle indiquen á Mesa a agrupación das propostas de resolución para efectos da votación.

-Propostas de resolución do G.P. Mixto (CG) páx. 630

0 señor Oujo Bello indícalle á Mesa a agrupación das propostas de resolución do seu grupo para efectos da votación.

Sometidas conxuntamente a votación aspropostas números 7.419 e 7.420, foron rexeitadas por 3 7 votos a favor e 38 en contra.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas desde a 7.421 ata a 7.429, así como a 7.433, foron rexeitadas por 37 votos a favor e 38 en contra.

Sometida a votación a proposta número 7.430, foi rexeitada por 37 votos a favor e 38 en contra.

Sometida a votación a proposta número 7.431, foi rexeitada por 37 votos a favor e 38 en contra.

Sometida a votación a proposta número 7.432, foi rexeitada por 37 votos a favor e 38 en contra.

-Propostas de resolución do G.P. Mixto (PSG-EG) páx. 631

0 señor Nogueira Román indica a agrupación da proposta do seu grupo para efectos da votación. 0 señor Rodríguez Pardo intervéen en relación con esta agrupación.

Sometida a votación a proposta número 7.434, foi rexeitada por 36 votos a favor, 38 en contra e 1 abstención.

Sometida a votación a proposta número 7.435, foi rexeitada por 36 votos a favor, 38 en contra e 1 abstención.

Sometida a votación a proposta número 7.436, foi rexeitada por 10 votos a favor e 65 en contra.

Sometidas conwntamente a votación as propostas números 7.43 7 e 7.439, foron rexeitadas por 3 7 votos a favor e 38 en contra.

Sometida a votación a proposta número 7.438, foi rexeitada por 10 votos a favor e 65 en contra.

Sometida a votación a proposta número 7.440, foi rexeitada por 10 votos a favor, 38 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta 7.441, foi rexeitada por 37 votos a favor e 38 en contra.

Sometida a votación a proposta número 7.442, foi rexeitada por 37 votos a favor e 38 en contra.

Sometidas conwntamente a votación as propostas número 7.443, 7.444, 7.445, 7.446 e 7.447, foron rexeitadas por 37 votos a favor e 38 en contra.

Sometida a votación a proposta número 7,448, foi rexeitada por 37 votos a favor e 38 en contra.

Sometidas conxuntamente a votación aspropostas números 7.449, 7.450, 7.451 e 7.453 foron rexeitadas por 37 votos a favor e 38 en contra.

Sometida a votación a emenda número 7.452, foi rexeitada por 10 votos a favor e 65 en contra.

Sometida a votación a proposta número 7.454, foi rexeitada por 10 votos a favor, 38 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a emenda número 7.455, foi rexeitada por 10 votos a favor, 38 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta número 7.456, foi rexeitada por 10 votos a favor e 65 en contra.

Sometidas conxuntamente a votación aspropostas números 7.458, 7.459, 7.460, 7.461, 7.462 e 7.463, foron rexeitadas por 37 votos a favor e 38 votos en contra.

Sometida a votación a proposta número 7.464, foi rexeitada por 10 votos a favor, 38 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta número 7.465, foi rexeitada por 10 votos a favor e 65 en contra.

-Propostas de resolución do G.P. do Bloque Nacionalista Galego páx. 635

O señor Beiras Torrado indícalle á Mesa a agrupación das propostas de resolución do seu grupo para efectos da votación. O señor Rodríguez Pardo (G. P. dos Socialistas) intervéñ en relación con esta agrupación.

Sometidas conxuntamente a votación aspropostas números 7.466, 7.467, 7.469, 7.470, 7.471, 7.472, 7.473, 7.474, 7.475, 7.477, 7.478, 7.479, 7.480, 7.483, 7.486, 7.487, 7.488 e ata a 7.505, agás a 7.482, 7.484, 7.489, 7.490, 7.491, 7.495, 7.498, 7.502 e 7.503, foron rexeitadas por 37 votos a favor e 38 en contra.

Sometida a votación a proposta número 7.468, foi rexeitada por 10 votos a favor e 65 en contra.

Sometida a votación a proposta número 7.476, foi rexeitada por 10 votos a favor e 65 en contra.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas números 7.481, 7.487 e 7.491, foron rexeitadas por 10 votos a favor e 65 en contra.

Sometida a votación a proposta número 7.485, foi rexeitada por 37 votos a favor e 38 en contra.

Sometidas conxuntamente a votación aspropostas números 7.482, 7.484, 7.489, 7.490, 7.495, 7.498, 7.502 e 7.503, foron rexeitadas por 10 votos a favor, 38 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta número 7.505, foi rexeitada por 10 votos a favor, 38 en contra e 27 abstencións.

-Propostas de resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia páx. 637

O señor Rodríguez Pardo indícalle á Mesa a agrupación das propostas de resolución do seu grupo para efectos da votación.

Sometida a votación a proposta número 7.507, foi rexeitada por 36 votos a favor, 38 en contra e 1 abstención.

Sometida a votación a proposta número 7.508, foi rexeitada por 36 votos a favor, 38 en contra e 1 abstención.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas desde a número 7.509 ata a 7.652, foron rexeitadas por 37 votos a favor e 38 en contra.

-Propostas de resolución do G.P. Popular páx. 638

O señor González Suárez indícalle á Mesa a agrupación das propostas do seu grupo para efectos da votación. Os señores Oujo Belio e Nogueira Román interveñen en relación con esta agrupación.

Sometida a votación a proposta número 7.653, foi aprobada por 41 votos a favor, 27 en contra e 7 abstencións.

Sometidas conxuntamente a votación aspropostas números 7.654 e 7.658, foron aprobadas por 39 votos a favor e 36 abstencións.

Sometida a votación a proposta número 7.655, foi aprobada por 39 votos a favor e 36 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución número 7.656, foi aprobada por 39 votos a favor, 2 en contra e 34 abstencións.

Sometida a votación a proposta número 7.657, foi aprobada por 39 votos a favor, 27 en contra e 9 abstencións.

0 señor presidente abre unha rolda de explicación de voto. Nesta rolda interveñen os señores Conde Cid (G. P. Mixto), Oujo Bello (G.P. Mixto), Beiras Torrado (G.P. do Bloque Nacionalista Galego), Rodríguez Pardo (G.P. dos Socialistas de Galicia) e Vázquez Portomeñe (G.P. Popular). Cuestións de orde dos señores Sánchez Presedo (G.P. dos Socialistas de Galicia) e Oujo Bello (G. P. Mixto). Nova intervención do señor Vázquez Portomeñe.

0 señor presidente levanta a sesión.

Levántase a sesión.

Eran as oito e dez minutos do serán.

Reiníciase a sesión ás cinco e cinco minutos da tarde.

--DEBATE DE POLITICA XERAL COA COM-PARECENCIA DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE--LO PROCESO EVOLUTIVO DA AUTONOMIA, A ACTUAL SITUACION DA COMUNIDADE AU-TONOMA DE GALICIA E A SUA ARTICULA-CION E DESENVOLVEMENTO FUTURO (Con-tinuación).

O señor PRESIDENTE: Señoras e señores deputados, reiníciase a se-sión.

O debate nesta parte da sesión desenvolverase do seguinte xeito: unha primeira rolda de intervención dos grupos, con tempo de quince mi-nutos por cada grupo parlamentario, para a presentación e defensa das propostas de resolución; a seguir, suspenderase a sesión por un prazo inicial de quince minutos, prolon-gables se fose necesario, e, a con-tinuación, haberá un tempo para que cada grupo parlamentario se posi-cione sobre as propostas de resolu-ción dos demais grupos e, finalmen-te, a votación.

Para face--la presentación e defensa das súas propostas de reso-lución, ten a palabra o voceiro de Coalición Galega no Grupo Mixto.

Antes de subir á tribuna o se-ñor Oujo Bello, o señor secretario da Mesa dá conta das propostas pre-sentadas.

O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández--Rogina): Señoras e seño-res deputados, no período hábil fo-ron presentadas ante a Mesa do Par-lamento 239 propostas de resolu-ción: 47 do Grupo Parlamentario Mixto, das cales 15 son de Coali-ción Galega e 32 do PSG--EG; o Gru-po Parlamentario do Bloque Naciona-lista Galego presentou 40; o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia 146; e o Grupo Parlamaenta-

rio Popular 6. Os textos de todas elas foron distribuídos ós portavo-ces dos diferentes grupos parlamen-tarios, se ninguén pide a lectura de ningunha delas, dáse conta das mesmas.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Ten a pala-bra o señor Oujo Bello por Coali-ción Galega.

O señor OUJO BELLO: Señor pre-sidente, señorías, veño expoñer an-te vostedes as propostas de resolu-ción que presenta Coalición Galega, que todos vostedes saben, salvo o señor Portomeñe, que é un partido nacionalista de centro, moderado. Onte o señor Portomeñe sen razóns aparentes, salvo que tivese o dis-curso preparado con anterioridade, intentou mestura--los nacionalis-tas, sen especificar ben o tema de quen era quen. Somos un partido na-cionalista de centro, partido na-cionalista moderado.

Vén isto a conto porque as no-sas emendas, desde unha concepción nacionalista da política galega, veñen feitas con ánimo constructi-vo, positivo e coherente co noso discurso. Saben vostedes que onte o noso discurso estaba baseado funda-mentalmente en demostrar que os pa-rámetros económicos fundamentais baixaron nos últimos dous anos, que hai unha situación especial na eco-nomía galega e na industria galega, que é necesario cambiar de rumbo, que hai situacións e problemática do paro. E, iso si, tamén en cohe-rencia co dito polo señor presiden-te, cando se refería a que este ano ou estes anos eran de infraestruc-tura, intentamos motiva--lo Goberno galego para realizar e construír infraestructura detraendo, digamos, gastos que nós entendemos que non son necesarios para a economía ga-lega.

A primeira proposta de resolu-ción refírese ó paro feminino. A problemática da muller galega, a

problemática existente na muller traballadora neste país, as cifras preocupantes de paro, fan que nós presentemos hoxe aquí como primeira resolución unha proposta que intenta tomar en serio este problema, que o Goberno se conciencie do mesmo e que o traia ó Parlamento para intentar reduci-la problemática do paro feminino. Por iso pedimos que o Goberno presente no Parlamento de Galicia un plan especial de actuación para reducir substancialmente o paro feminino actualmente existente en Galicia. Cremos que o texto é bastante escueto para que non mereza maior atención, iiso si!, pensamos que é necesario que o plan do Goberno sexa presentado no Parlamento para ser discutido oportunamente.

Igualmente nos preocupa o paro xuvenil, problema grave para a nosa mocidade que busca postos de traballo e non os atopa. Nese sentido pensamos tamén que o Goberno debería presentar neste Parlamento un plan, o Plan de emprego xuvenil, co obxecto fundamental e único de intentar paliar esta situación, situación verdadeiramente preocupante e que coharta as expectativas da nosa mocidade cando intenta buscalo primeiro emprego.

Outro problema denunciado por nós onte tamén foi o que existe nas empresas galegas, na industria galega, sobre todo coa constitución dentro duns meses do Mercado Unico Europeo, xa recollido na Acta única europea. Son momentos difíciles para a nosa industria e para as nosas empresas, e nós tamén pedimos que o Goberno presente neste Parlamento, antes do 31 de maio deste ano, un plan especial de actuacións para a potenciación da competitividade das empresas galegas e para o mantemento do tecido industrial galego. Cremos que isto é unha necesidade urxente e perentoria da sociedade galega, do noso tecido empresarial e industrial, e pensamos que o Goberno galego debe ser sensible a esta problemática e debe traer a esta Cámara un plan especial con obxecto de mellora-la competitivi-

dade e para procura-lo mantemento do tecido industrial galego.

Tamén denunciemos reiteradas veces a problemática da Universidade. A nós parécenos que é o momento oportuno, xa que se constituíu a Comisión no Parlamento, de que o Goberno tome as medidas pertinentes co obxecto de que o financiamento das tres universidades galegas sexa suficiente para o normal desempeño das súas funcións. E moi triste a experiencia pasada nos últimos anos cando no debate dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma tiñámo--los grupos parlamentarios da oposición que facer nosas as inquietudes das universidades galegas para intentar paliar-lo diferencial de presupostos que elas requiren e os que lles dá o propio Goberno.

Tamén pensamos que houbo incumprimento dunha resolución presentada o ano pasado que foi aprobada por unanimidade desta Cámara, onde se pedía que antes do 30 de abril do ano 91 se presentase o Plan forestal de Galicia; é un incumprimento deste Goberno, lamentablemente. Nós entendemos que quizais por circunstancias que poden ser xustificadas non o fixo, e entón pedimos aquí que antes do 30 de maio deste ano se presente o Plan forestal de Galicia nesta Cámara.

Queremos que o Goberno cumpra estrictamente unha lei que foi aprobada neste Parlamento, que é a Lei 8/1989, do 12 de xuño, sobre a delimitación e coordinación de competencias das deputacións provinciais. E unha lei que está parada e esquecida, unha lei parlamentaria que está en vigor, e entendemos que debería ser aplicada en tódolos artigos que non foron recorridos polo propio Grupo Popular ante o Tribunal Constitucional.

Pedímoslle ó Goberno que tome as medidas para garantir que os medios públicos de comunicación dependentes da Xunta de Galicia, é dicir, a Televisión Galega e a Radio Galega, teñan obxectividade, veracidade e imparcialidade nas in-

formacións, e tamén que teñan en conta o pluralismo político. Iso é unha petición formal que debería ser innecesaria, e non vale dicir que hoxe están transmitindo en directo a través deles, iso é o que queremos, que a información poida chegar ó pobo directamente, sen manipulación e tendo en conta o pluralismo político representado nesta Cámara e no pobo galego.

Igualmente queremos, e esta é unha petición positiva que intenta obxectiviza--los investimentos do Goberno galego, que todo tipo de acción tendente a crear infraestructura nos concellos de Galicia se faga con obxectividade e imparcialidade, atendendo única e exclusivamente as necesidades reais dos concellos, sen ter en conta en ningún caso a cor política das corporacións.

Recordámoslle ó Goberno a necesidade de facer accións decididas para reduci--los desequilibrios interterritoriais existentes en Galicia. E unha vella petición permanente do noso partido.

Tamén queremos --é algo que está sen facer-- que se presente nesta Cámara o Proxecto de lei de ordenación territorial de Galicia, algo necesario para a vertebración do noso territorio e para ter unha racionalización dos investimentos.

Igualmente pedimos que se presente nesta Cámara, antes do 30 de xuño deste ano, o Proxecto de lei de comarcalización de Galicia.

Queremos, seguindo nisto a petición do señor Iribarne da creación de infraestructuras, que dos 7.888 millóns de pesetas previstos nos presupostos xerais este ano para os denominados investimentos inmateriais, se dediquen 2.000 millóns como primeira fase para a creación do hospital do Barbanza, e que este hospital entre en funcionamento antes do 31 de decembro do ano 95. A creación deste hospital foi aprobada por unanimidade da Cámara.

Pedimos igualmente que dos 7.888 millóns de pesetas previstos para inmovilizados inmateriais, que son campañas de propaganda e publicidade, se dediquen 1.000 millóns para a primeira fase do hospital comarcal de Bergantiños, que estaba incluído no PDR 89/93.

Tamén pedimos que dos 7.888 millóns de pesetas, dedicados a investimentos inmateriais, propaganda e campañas publicitarias, se dediquen 1.500 millóns ó hospital do Salnés, que está aínda en trámite parlamentario.

E por último, queremos tamén que se cumpra unha lei galega aprobada por unanimidade desta Cámara. Queremos que se cumpra a Lei de normalización lingüística, sobre todo para que tódolos membros do Goberno galego e altos cargos da Administración autonómica falen a nosa lingua, a lingua de Galicia. Iso é o que lle pedimos a esta Cámara, para que dean exemplo e cumpran cunha lei que está en vigor e que foi aprobada por unanimidade, e que así os conselleiros e os directores xerais falen galego en Galicia a través dos medios de comunicación. E un dereito dos cidadáns escoitalos na lingua nosa, na nosa lingua...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que remate, señor deputado.

O señor OUJO BELLO: Moitas grazas, señor presidente, xa remato.

Simplemente lles quero pedir a tódolos señores deputados desta Cámara e ó Goberno o apoio a todas estas emendas que, como dixeran, son positivas, constructivas e están en coherencia co noso discurso, e incluso moitas delas son feitas facendo caso da petición do señor presidente, señor Iribarne, de crear infraestructura en Galicia e evitar gastos de dilapidación.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Bello.

Ten a palabra o señor Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, señorías, señoras e señores deputados, presentamos, o PSG--EG, 32 propostas de resolución. No tempo que teño, loxicamente, voume dedicar a defender unha parte delas, e moi especialmente a primeira, na que pretendemos, coa fórmula regulamentariamente posible hoxe, a repoboación, perdón, a reprobación do presidente da Xunta, o señor Fraga, e tamén a do conselleiro de Educación.

O señor Fraga cando onte falou ante este Parlamento tiña dous obxectivos, o primeiro era lava--la cara e o segundo descualifica--la oposición.

O señor Fraga quixo aparecer como moderado e intelixente, quixo facernos crer que non era un túzaro, que quería acepta--lo consenso, cando todo o mundo sabe que é radical, reaccionario, autoritario e populista, que desprecia os sindicatos tanto como desprecia os empresarios e as mulleres, onte demostrouno.

Quixo descualifica--la oposición porque sabe da súa debilidade ante as próximas eleccións. Quixo dividila, e quixo dividila, señorías, porque lle ve as orellas ó lobo. Señor Fraga, ó facer isto vostede confunde a fantasía coa realidade, onte describiunos un mundo paradisíaco porque non quere turba--lo seu retiro; eu creo que o señor Fraga segue en "babia" --dixenllo unha vez publicamente--. Onte a través dos medios de comunicación oírono os parados, as mulleres, os labregos, os empresarios, os mozos.

Hoxe mesmo na prensa se di que por sexto mes consecutivo medrou o paro en Galicia, todo o contrario

do que nos describiu o señor Fraga, quen onte, demostrando unha ignorancia impropia dun presidente, pretendeu discuti--las miñas cifras sobre o presuposto galego en comparación co catalán. Señorías, poden crerme, perdemos en relación co catalán cada ano 45.000 millóns de pesetas sen conta--la sanidade e sen conta--la nivelación de servizos mínimos, etc., etc. Demostrase aquí neste Parlamento.

Só o 19% dos galegos cren que estamos mellor, o 81% cren que estamos peor. O señor presidente confunde a realidade cos seus desexos.

Ten o señor Fraga, onte demostrouno, unha obsesión freudiana comigo. Dixo que ía facer unha lei electoral a medida de Galicia, non a medida de Camilo Nogueira, do señor Nogueira, máis concretamente. Pero, señor Fraga, Galicia xa ten unha lei electoral e está feita polo seu partido.

A lei electoral que vostede quere facer é contra min, señor Fraga, contra o PSG--Esquerda Galega e contra os partidos como o PSG--Esquerda Galega, contra os partidos nacionalistas, porque lei electoral xa temos. ¿E por que contra nós, se sómo--lo terceiro partido da oposición?, ¿por que non fai antes unha lei contra o señor Sánchez Presedo?, ¿ou despois unha lei contra o señor Beiras? Nós somos máis pequenos. ¿Por que precisamente contra nós?, como insistentemente vostedes están dicindo sempre, pois insistentemente están identificando a lei electoral comigo e co noso partido.

Señor Fraga, nós sómo--las orellas do lobo, fómolos sempre, pero sobre todo desde que propuxemos unha alternativa. Témenos porque temos credibilidade cando dicimos algo, porque saben que falamos en serio, porque estamos empeñados na creación dun nacionalismo aberto, democrático, reformador --as nosas ideas democráticas son radicalmente distintas das súas--, porque defendemo--la autonomía política desde

sempre e os intereses dos máis desfavorecidos, porque o nacionalismo está vivo, señorías, señorías do Partido Popular, sobre todo.

Alí onde nós estamos é onde está o nacionalismo, e vostedes non pintan nada. Estamos no sindicalismo, na cultura, nas ideas económicas --que vostedes copian para comelas por dentro como o verme á mazá, como dixeron onte, copian e desvirtúan--. Onde nós estamos hai propostas de futuro para Galicia.

Dixo o señor Fraga onte que eu estaba acabado, e tamén o PSG Esquerda Galega; se iso fose verdade non nos prestaría tanta atención, quere descualificar a quen pode se--lo catalizador da unidade ou unha parte da alternativa. Señor Fraga, eu estou comezando e vostede está no retiro dun ciclo político, eu estou comezando e vostede está nas últimas da súa carreira política. Tamén está comezando o nacionalismo galego, despois de moitos séculos está comezando, aínda que haxa ducias de anos que comezou.

Polas ideas que defendeu onte tan contrarias ás nosas e polo que acabo de dicir pedímo--la súa reprobación, como a pedirá Galicia, toda Galicia, o día 2 de abril, os que están fartos dos dez anos do seu reinado. E o momento das ideas e dos programas novos, para a marxinação xa nos chegou coa década do 80, non queremos que se repita nos anos 90.

Vostede hoxe non acepta as ideas da oposición, sempre constructivas, e por suposto tampouco acepta as do PSG--Esquerda Galega. Nega o acordo e o consenso, pero pronto chegará o momento en que en lugar de consenso terá que pedir papas. Hoxe ve o fantasma da unidade, pero o día en que vaia callando a unidade e a alternativa só depende de nós, e ese día será a súa morte política e non durará nin un suspiro.

Señorías, presentamos 32 resolucións, 7 sobre un plan de medidas de desenvolvemento económico e so-

cial, non as vou describir aquí, non teño tempo, son ben coñecidas as ideas do PSG--Esquerda Galega nesta Cámara desde hai dez anos, sempre renovadas.

As resolucións da 16 á 24 foron aprobadas por unanimidade o ano pasado, espero que as voten tamén por unanimidade. Refírense ó sector lácteo, ó ISM --Instituto Social da Mariña--, á ordenación do territorio, ó tren de alta velocidade, a ASTANO, etc., espero que as aproben.

Presentamos tamén resolucións sobre a negociación bilateral de Galicia co Estado como nacionalidade histórica, despois do pacto autonómico que asinou Fraga, en nome do seu partido, das autonomías do 143. Pedimos que desaparezan os gobernadores civís, espero que o voten, supoño que o señor Fraga cando fala da Administración única está falando de que desaparezan os gobernadores civís.

Pedimos que se apoiem, que a Xunta apoiem as mobilizacións do 2 de abril.

Pero, señorías, quero especialmente que se aproben dúas: a que máis defendín, a primeira, a reprobación do presidente, e a última, onde pedimos que se garanta que as autovías non se constrúan máis alá do ano 2010; esa resolución é a que dá a medida da incapacidade desta Xunta cangrexo.

En todo caso, señorías, tódalas que presentamos vainas aproba--la realidade por moito que vote en contra a fantasía.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Nogueira.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado polo BNG.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías.

Señor Nogueira, nós, os do Bloque, no que toca á súa iniciativa sobre o señor presidente da Xunta, estamos polas dúas cousas: pola reprobación e pola repoboación da Presidencia.

O primeiro que quero dicir é que o BNG propón que o Parlamento exprese a súa solidariedade con tódalas organizacións sindicais e cos sectores productivos do país ameazados pola crise, entendendo que a folga xeral convocada para o próximo día 2 é a expresión nidia e meridiana da denuncia pública da situación que padecen os expresados sectores productivos. Non son alborotadores, non son catastrofistas, non son negativistas; os únicos alborotadores que hai nun país sempre son, para empezar desde as institucións, os que non cumpren coas obrigas de face--la política de Goberno que atalle os problemas e deixan soa a sociedade e a cidadanía para que ela mesma se defenda. Eses son os alborotadores, e, polo tanto, nós queremos que o Parlamento se solidarice con quen suple outra deficiencia doutras instancias sociais e políticas e reclama aquilo que é de xusticia: comer e traballar; teñen o noso apoio e pedímo--lo do resto da Cámara.

O mesmo tempo pedimos un plan específico para promoción de emprego no noso país, cun plan de prioridades industriais.

O mesmo tempo, que se cumpra o principio de igualdade salarial para as traballadoras --en feminino, naturalmente-- e realizar políticas activas tendentes a diminuí--lo paro feminino, cun diferencial existente hoxe respecto do masculino que aínda dificulta máis o acceso ó mercado laboral das mulleres galegas. Non é conflictivo, señor Fraga, coa función que corresponde á parella humana no plano biolóxico da procreación, se o teñen a ben.

O problema demográfico non se resolve poñendo as mulleres a parir, o problema demográfico resolveríase se este país non fose san-

grado durante decenios por unha emigración que representaba nun só decenio --como os anos 60 e os anos 50, na era de Franco-- unha sexta parte da poboación total do país, pero naturalmente extraída. De aí vén a decrepitude demográfica, non dun problema de se as parellas se comportan dun xeito ou doutro; non extrapolen a Galicia problemas de comportamento demográfico propio dos países de abundancia, dos países que están superdesenvolvidos, non é o mesmo, aquí a barrena estivo nas pirámides de poboación polo éxodo migratorio, medio millón de galegos en 20 anos, iso é demasiado para unha poboación de 3 millóns moi escasos.

Nós tamén pedimos que para o sector pesqueiro se faga un plan especial de desenvolvemento, para evita--lo pechamento das factorías como Massó, que teñen que vir hoxe a reclamar ás portas do Parlamento e hai máis policía ca traballadores protestando. Deben de te--las súas señorías moi mala conciencia para ter tanto medo dos traballadores; aquí cando aparecen catro traballadores nas aforas do Parlamento inza a Policía por todas partes. Non traen bombas no peto os traballadores nin as traballadoras, señor Fraga, traen simplemente a súa voz para reclamar aquilo que vostedes deberon facer por adiantado, porque, entre outras cousas, a conserva galega está producindo, sendo membros como somos do Mercado Común Europeo, para atoparse cunhas barreiras arancelarias que non ten Marrocos, cousa que vostede, polo visto, ignora, porque se non non se opoñería ás reclamacións feitas, aínda hai poucos días, polo Bloque nesta Cámara.

Nós volvemos cunha proposta que é absolutamente sensata. Desta vez non pedímo--la renegociación do Tratado de adhesión, desta vez tomamos algúns ingredientes da nosa iniciativa sobre a situación de Galicia na Comunidade Económica Europea, plenamente, literalmente os dous puntos principais da emenda de adición que vostedes presentaran e

máis literalmente o contido esencial da emenda do Grupo Socialista.

Aí teñen a síntese, esta é a proposta de resolución número 7.505, confío entón en que haberá unanimidade na Cámara. Non sei se lles soa, señores do Grupo Popular, que: "...de acordo cos obxectivos do Fondo de Cohesión, defendido ante Bruxelas polo Goberno do Estado, dos fondos, etc., etc.," --iso é de vostedes--, "...que para tales efectos o Goberno do Estado garanta a incidencia en Galicia de tódolos fondos estruturais..." --isto é de vostedes--, "Que na definición das políticas comunitarias se teñan en conta os intereses de Galicia, establecendo os mecanismos necesarios para a participación da Comunidade Autónoma" --iso é de vostedes, señores socialistas--. O único que queda do BNG é esta cousiña tan, tan, tan timorata e moderadísima: "A revisión dos aspectos ou flocos do Tratado de adhesión que están a causar graves prexuícios e situacións críticas a sectores claves da economía galega, con participación da Xunta nesa revisión. --Déixoo aquí enriba, porque disto haberá que falar despois, porque supoño que nin sequera necesita transacción, ben feita polo propio Bloque--.

Entón, se cadra, non terán vostedes as traballadoras de Massó á porta do Parlamento, nin os traballadores doutras factorías obrigados a convocar unha folga xeral e nacional de Galicia como única maneira de que esta nación teña presenza no Estado español como tal nación, cando debería tela a través da mera presenza institucional da Comunidade Autónoma galega exercendo as potestades que ten e exercendo o papel político que lle corresponde ó presidente da Xunta e a esta Cámara de deputados.

Mesmamente nese terreo de propostas constructivas --constructivísimas, utilizando esa linguaxe, que procede do réxime franquista, da oposición contructiva, que a min sempre me rebentou, pero que non

hai máis remedio que utilizar para que a un o entendan--, nós propoñemos algo moi importante, señor Fraga, e supoño que coincide totalmente coas súas propias pretensións. Dicimos: O Parlamento de Galicia reclama do Goberno central que se proceda de xeito necesario para dar rigoroso e exacto cumprimento, na práctica política, ó establecido no artigo 30 do Estatuto de Galicia, que fixa as materias de competencia exclusiva a esta Comunidade Autónoma e que preceptúa que a Comunidade Autónoma galega participará tamén na xestión do sector público económico e estatal, nos casos e actividades que proceda, en relación coa norma contida no artigo 131.2 da Constitución española, que ordena que o Goberno central elabore os proxectos de planificación, de acordo coas previsións que lle sexan subministradas polas comunidades autónomas.

Só pedimos que o Goberno central estableza o necesario para dar rigoroso e exacto cumprimento. E entón terá vostede moita máis facilidade para esa harmonía, a harmonía "mundi", a harmonía das esferas, na relación entre a esfera autonómica e a esfera supraautonómica estatal. Non hai posibilidade de ser máis constructivo, señor Fraga, claro que se prospera a moción de reprobación non lle dará tempo de executar este acordo do Parlamento, pero ben, se cadra como presidente en funcións durante o tempo que medie ata as próximas eleccións aínda poderá facelo.

Para a gandería nós pretendémo--la elaboración dun plan, dun plan con financiamento previsto --non vou le--lo texto da proposta que ten 6 puntos--, incluíndo un programa para as pequenas explotacións con medidas especiais de apoio para orientalas cara ás producións artesanais e biolóxicas, etc. Isto é perfectamente conciliabile cos plans deseñados, ou coas ideas que ten na mente --na mente polo menos de momento-- o flamante novo conselleiro --novo en idade, no cargo xa non é tan novo, porque le-

va meses e co que se dura nos cargos xa é moito tempo--, o señor Pérez Vidal, que dará seguramente o seu visto e praxe a esta proposta, porque é perfectamente congruente coa política do Goberno, só a explicita.

Tamén como cautela, mera cautela, establecemos nunha proposta de resolución que mentres os procesos de conservación, recuperación e mellora non permitan un desenvolvemento equilibrado do monte galego, cun plan forestal que teña como obxecto a recuperación e o aproveitamento racional do mesmo, a Xunta non autorizará ningunha nova instalación de industria e fabricación de celulosas, cautelarmente. Non vaia ser, señor presidente, que se despiste algún conselleiro, algún plumífero dalgún despacho da Administración de San Caetano e apareza concedido, sen que vostede o saiba, un permiso para o establecemento dunha planta de celulosas que lle bote abaixo o flamantísimo plan forestal, que seica o van presentar xa ó público o día 18 no Hostal dos Reis Católicos --naturalmente, como é lóxico, por cortesía co Hostal, coa memoria dos reis católicos e mais co turismo, que é emblemático do turismo--, antes ca nesta Cámara de deputados, que, á fin e ó cabo, pode esperar un pouquiño máis porque estamos sempre aquí, tódalas semanas.

Xa non vou insistir máis ca en dúas cuestións. No que se refire ás parroquias rurais, sei que o señor Portomeñe fixo unha interpretación moi "sui generis", é dicir, do xénero do señor Portomeñe --que non digo que xénero é, el sábeo perfectamente e eu tamén--, dicindo que nós queríamos acabar coas parroquias. Non, mire vostede: "dotar de contido o artigo 27.2 do Estatuto de autonomía"; esa norma está aí e vostedes non a desenvolveron aínda, e tiveron 6 anos primeiro sen o señor Fraga --"aquí de corpo presente"-- e 2 anos co señor Fraga --"aquí de corpo y espírito presente y actuante"-- para facelo. Polo tanto, pedimos que se remita á

Cámara, no período de sesións presente, un proxecto de lei sobre o réxime xurídico das parroquias rurais. Xa ve se estamos de acordo coas parroquias.

E polo que respecta á comarcalización, que é tan importante e está absolutamente prevista, atada e ben atada no Estatuto da autonomía, que en gloria estea --digo que en gloria estea o Estatuto de autonomía, porque cando se pasa a mellor vida sempre se supera a vida terrenal, estase na gloria, se se ten sorte, se non estase nos infernos como don Giovanni, aquel señor de alí--, pois, evidentemente, sería unha lástima que se escacharrase, polo tanto: "Co obxecto de desenvolver--las competencias previstas no apartado 2 do artigo 27 do Estatuto de autonomía, o Parlamento acorda a creación dunha Comisión parlamentaria, non Permanente, para redactar unha alternativa global de competencias, funcións, órganos e división das comarcas galegas".

Hai algunhas propostas de resolución sobre o idioma, pero non vou ser pesado, que non me diga don Manuel como dicía Valle--Inclán daquel "mozuelo" que o interrompía e peroraba no café, dicía: "¡Qué pesado!, y aprovechando que este joven se ha callado para siempre"; cando bebeu un grolo de café empezou a falar entón el e xa non o deixou falar máis. Pois non insisto nestas iniciativas sobre o idioma.

Hai iniciativas de propostas de resolución respecto do sector pesqueiro, moi en concreto, por exemplo, para que se reformule na CEE todo o relativo á creación de empresas mixtas con terceiros estados en materia pesqueira. Aínda hai poucos días o señor Paz Andrade, don Alfonso, dicía publicamente nun foro público desta cidade o que significou para a pesca galega que non fose integrada no Tratado de adhesión expresamente, e atada e ben atada, a fórmula concreta e específica das empresas mixtas. O que pasa é que o señor conselleiro, polo menos daquela, non era moi par-

tidario desa liña, era moito máis partidario das licencias, pero hoxe xa sabemos que reflexionou e polo tanto apoiará esta idea de que se facilite a viabilización de unha das liñas.

Ademais vostedes, que son de dereitas --"y muy bien dicho"--, estarán a prol de que tamén haxa transnacionais de matriz galega, é dicir, non imos quedar só con que aquí veña o capital transnacional de fóra. Coido que vostedes deben potenciar que o capital galego se converta en capital transnacional, como FINSA, como Pescanova e algún que hai por aí, pero que son excepciónais. Se iso ocorre con boa parte do aparello productivo galego, co potencial de recursos, co rico que é este país, figúrese, don Manuel Fraga, que gloria para vostede pasar á historia como o político que conseguiu que Galicia pasase de ser periferia a ser centro; iso sería fabuloso e, desde logo, eu non teño ningún reparo desde o punto de vista nacionalista, desde o punto de vista de clase e de esquerdas xa falaríamos, pero diso hai tempo de discutir. O Bloque mentres vostedes asuman a defensa deste país como nación, cun criterio correcto, en principio vai apoiar --como di don Antolín Sánchez Presedo--, e logo xa veremos cales son as regueifas que temos cando haxa que repartir as cousas ou determinar cuestións de carácter ideolóxico--social.

Non vou aproveitar esta intervención para repeti--lo debate de onte, coido que xa mallei abondo en vostede, señor Fraga, coido que, ademais, vostede é de caucho, porque os anos e o tempo encalecen.

Evidentemente, tampouco eu teño vocación de malgastar e de estragar enerxías en exceso nesta Cámara, procuro dosificalas, porque o BNG recoméndame sempre que eu sexa alegre e combativo, e polo tanto, como combativo xa fun onte, alegre estou hoxe, entre outras cousas porque estou completamente convencido de que vai prosperar por 37 votos fronte a 38 a moción de reprobación

do señor presidente proposta polo señor Nogueira. Digo que vai prosperar, porque se detraémo--la Lei de D'Hondt e aplicamos iso que aplican as comisións parlamentarias --e vou rematar, señor presidente--, nas que é ben sabido que cando non está clara a votación se aplica o voto ponderado, ¿cantos deputados ten cada grupo na Cámara?, entón iso é o que se aplica, maioría de deputados do PP; agora digo, este Parlamento cando ten problemas deses ten que aplicar: ¿cantos electores hai detrás dos deputados?, pois hai máis detrás dos 37 da oposición que dos 38 do PP, e polo tanto a moción de reprobación, señor Nogueira, vai prosperar, e será só en calidade de presidente en funcións que execute os acordos adoptados por estas propostas de resolución que acabo de defender.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Beiras.

Ten a palabra o señor Rodríguez Pardo para a presentación e defensa das propostas do Grupo Socialista.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Moitas gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados, quero dicir en primeiro termo que o noso grupo parlamentario presenta 146 propostas de resolución, o cal, indubidablemente, impide facer pormenorizadamente o detalle de cada unha delas.

Isto, en cambio, si me leva a facer unha pequena introducción ou reflexión xenérica sobre o que é este debate e o que foi este debate do estado da Autonomía. Unha reflexión xenérica para introducir, dalgunha maneira, este cúmulo de propostas de resolución que non son simplemente propostas de resolución en si derivadas do debate, senón que tamén --como anunciou onte o secretario xeral do noso partido,

don Antolín Sánchez Presedo-- levan consigo a presentación a esta Cámara dun paquete lexislativo importante de iniciativas que o noso grupo presenta á vista das carencias do partido que apoia o Goberno e do Goberno que é apoiado polo partido, ou que apoia á súa vez ese partido, non se sabe moi ben --haberá que preguntarlle ó secretario xeral do partido e conselleiro de Ordenación do Territorio ou ó propio presidente do Goberno quen apoia a quen--; pensamos que máis ben apoia o señor Fraga a tódolos demais e que tódolos demais se deixan apoiar por el. Esperemos que ese apoio non sexa un apoio para metelos no fondo, senón para deixalos polo menos sobrevivir de vez en cando, pero iso é un problema que teñen vostedes entre si, nós non llelo podemos resolver, nin ese nin o do señor Cacharro, nin algúns outros.

O debate do estado da Autonomía é unha especie de rendición de contas, ou así debería ser entendido, que fai o presidente dun Goberno diante da Cámara, para dicir dúas cousas moi sinxelas: a primeira, como está o país, e a segunda, que fixo por ese país e que ten pensado seguir facendo.

Onte, como xa outros dixeron, como tamén reiterou o noso secretario xeral, don Antolín Sánchez Presedo, pintouse un país irreal e non se falou dos temas e dos problemas. Efectivamente, a nosa cidadanía estaba agardando que lle desen contestación aqueles que están administrando os seus votos, e iso ó mellor non era tanto, senón que ademais de administra--los seus votos administran os seus cartos, e iso si que o senten no peto tódolos concidadáns galegos.

Pero de tódalas maneiras si que é constatable que nese debate do estado da Autonomía non figurou tal Autonomía, Galicia en canto Galicia non apareceu, excepto quizais nalgunha bágoa que timidamente lle asomou ós ollos ó señor presidente, Galicia non estivo noutro sitio.

Nós dentro desa responsabilidade, que coidamos que temos, pensamos que a institución deste Parlamento, en canto tal Parlamento, é unha institución viva, e que o Parlamento serve para unha das funcións esenciais para as que os parlamentos foran concibidos: para establecer unha dialéctica entre o Goberno e a oposición. Nós, como grupo maioritario desa oposición, entendemos que se lle debe esixir a este país --e que así debería ser dito onte polo presidente da Xunta de Galicia--, e que se lle debe esixir esencialmente á clase política, e moito máis esencialmente ós que están desempeñando o Goberno, un grande e tremendo esforzo para levar a adiante ese reto ilusionante de estarmos todos nunha Europa cada vez máis unida, nunha Europa na que cada vez todos temos máis que facer e todos temos máis que pintar, aínda que Europa, desgraciadamente, señor presidente, onte estivese á marxe ou fóra das súas reflexións.

Pensamos que no seu Goberno non existe unha iniciativa política suficiente e ilusionante para instalar plenamente o noso país nesa Europa. Coidamos que hai insuficiencias gravísimas no seu Goberno, e nós --que consideramos que somos unha alternativa de Goberno-- non presentamos simplemente a referencia de ser tal alternativa, que nos correspondería polo número de deputados que temos e pola forza política que temos neste país, senón que ó mesmo tempo sómo--la forza política das alternativas para este país, a forza política que lle ofrece a este país as alternativas políticas de maior ilusión, de maior compromiso e que posiblemente esixen maior esforzo, e tamén, ¿por que non?, as alternativas de maior imaxinación, imaxinación que entendemos e coidamos que falta totalmente no seu Goberno, señor presidente, e nas súas propias ideas, señor presidente.

Nós presentamos un paquete lexislativo do cal eu simplemente faría unha mínima relación de cales

son os puntos esenciais que pensamos que se deben tocar, e iso non significa que esgotémo--la capacidade de iniciativa de presentación de alternativas por parte do noso grupo, senón que entendemos que prioritariamente poderían ser das máis importantes. Todas elas levan consigo o tocar e o poñe--los pes no chan, o andar na realidade e deixa--los irrealismos nos cales, señor presidente, andou onte o seu discurso.

Así presentamos unha proposición de lei sobre as medidas urxentes para o desenvolvemento e a mellora da competitividade da empresa galega. A empresa galega non pode seguir sendo simplemente subvencionada, señor conselleiro de Industria, senón que ten que ser potenciada e ten que ser pensada como unha empresa que poida competir máñ coa mellor empresa que exista en calquera das cidades alemanas, por poñer algún exemplo, que están hoxe por hoxe no cume da clasificación industrial do mundo.

Presentamos igualmente unha proposición de lei para a prevención, a asistencia e a reinserción en materia de drogodependencias. Estas proposicións nosas atentan e atenden esencialmente un dos temas ou algúns dos temas sobre os cales, segundo enquisas de opinión que están feitas, existe unha sensibilidade social máis específica. Hoxe o tema das drogas, e isto sábeno todos vostedes perfectamente, señorías, afecta clarisimamente a toda a nosa cidadanía, a todo o noso país. Nós pensamos que non podemos seguir facendo unha política de simples palabras, senón que hai que levar a adiante unha clara, decidida e rotunda actuación sobre a prevención, asistencia e reinserción en materia de drogodependencias.

Presentamos igualmente unha proposición de lei de medidas de mellora da asistencia sanitaria. Pensamos que xa está ben que as listas de espera funcionen do xeito de como o están facendo.

Presentamos unha proposición de lei de medidas urbanísticas para a promoción da vivenda en Galicia.

Ofrecemos tamén unha proposición de lei de concentración parcelaria que rompa o vello criterio da concentración parcelaria dos vellos anos en que foron creados os sistemas de concentración parcelaria. Os ditos sistemas consistían en xuntar eidos que ó mellor nalgún momento, nun réxime de minifundio coma o galego, deron algún resultado, cando aínda Galicia non estaba en Europa, cando aínda o reto europeo non era o que é hoxe en día. Hoxe en día pensamos que hai que romper aquel vello esquema e que hai que ir a adiante, non simplemente á concentración parcelaria senón á ordenación das explotacións agrarias, porque, se non, a concentración parcelaria por si soa non serve para nada.

Presentamos, así mesmo, unha proposición de lei para a preservación e explotación dos recursos mariños de Galicia; para a ordenación e a promoción turística de Galicia; para a racionalización das subvencións a concellos, servindo de estímulo ó esforzo tributario local. Cómpre pensar sempre que a política financeira da Xunta de Galicia e de calquera Goberno de Galicia, respecto á Administración local e respecto ós concellos, ten que ser unha política adicional, non unha política de substitución da política que deixa de facer determinado Concello. A devandita política de substitución que fai determinado Concello o único que provoca é incrementar--lo clientelismo e o caciquismo dentro dos municipios rurais no noso país. Por iso nós pensamos que debe ser unha política adicional de axudarlles a complementar aquelas actuacións que os nosos concellos non poden levar a adiante.

Estas serían as proposicións de lei que o noso grupo presenta no seu paquete lexislativo, pero á parte diso temos unhas propostas de resolución que, por falta de tempo, eu soamente lles podería facer re-

lación dalgunhas entresacadas das 146 ás que antes me referín, pero que fan idea de cales son os problemas sobre os que queremos que o Goberno galego governe, sobre os que queremos que o Goberno galego, señor presidente, señor Fraga Iribarne, non simplemente se laie, non simplemente se queixe, non simplemente chore, senón que faga cousas a prol do que necesita Galicia, a prol do que os galegos queren.

Os galegos queren, por exemplo, que as súas rías estean saneadas e nós presentamos unha proposta de resolución para que a Xunta de Galicia eleve as dotacións dedicadas ó saneamento das rías galegas no marco que como mínimo marcaba o PDR, con recuperación das cantidades deficitarias con respecto ó mesmo.

Presentamos unha proposta de resolución para que a Xunta de Galicia constitúa un consello galego de drogodependencias de carácter consultivo para que toda a sociedade galega se poida expresar respecto deste problema, ó que antes me referín, como uns dos problemas que maior sensibilidade social teñen hoxe en día detrás de si.

Pedimos igualmente que se deseñe un plan trianual de ámbito autonómico de formación e emprego para mulleres naquelas profesións nas que se atopen subrepresentadas. Porque saben vostedes perfectamente, señorías, que hoxe por hoxe as mulleres están sendo o que durante moito tempo foron os escravos noutras sociedades. Así, están sendo utilizadas exclusiva e estrictamente para aqueles labores que os homes non queren facer e que poderían ser clasificados noutro tempo como labores de escravitude.

Pedimos igualmente que no Parlamento se presente, señor conselleiro de Educación, o informe anual sobre o estado da educación en Galicia, porque está previsto na Lei de consellos escolares e iso non se leva a adiante.

Pedimos noutra proposta de resolución que se presente no Parlamento un plan de educación especial orientado á integración dos alumnos que sufran minusvalías físicas ou psíquicas a través das avaliacións científicas pertinentes, porque estamos cos sectores marxinais. Pensamos que é un reto, para toda a clase política no seu conxunto, que aqueles sectores máis desfavorecidos da poboación sexan os sectores ós que primeiro atendan os fondos e os recursos públicos. Os que teñen moito necesitan menos cóos que non teñen nada. Os que non teñen nada, ó mellor, cun pouquiño abóndalles; ós que teñen moito posiblemente non lles faga falta nada do que nós lles poidamos dar.

Pedímoslle igualmente á Xunta de Galicia o diálogo e o consenso ó cal onte se refería o señor presidente, ese diálogo e consenso na actuación política. Nós, como grupo maioritario da oposición, sabe o señor presidente que lle ofrecemos axuda en todos aqueles puntos nos que teña conflito dentro deste país, pero de ningunha maneira podemos renunciar a exisirlle á Xunta de Galicia que cumpra coas súas obrigas como grupo que está gobernando en Galicia. Solicitamos ese consenso que non pode levar consigo á renuncia das responsabilidades que teñen vostedes. Así, pedimos que ese consenso o teñan tamén cos responsables da Universidade e cos representantes políticos para defini-lo futuro do sistema universitario de Galicia, porque hai milleiros de rapaces que non saben cal vai se-lo futuro do noso sistema universitario neste país.

Señor presidente, remata o tempo e deixo de entresacar propostas de resolución que atentan, afectan e atinxen directamente a aqueles aspectos da vida política, da vida social e da vida económica de Galicia que os socialistas entendemos que necesitan dunha acción rápida, urxente e decidida do Goberno. E para rematar, quero dicir que dentro das propostas de resolución hai dúas especialmente significadas ás

que onte fixo relación o noso secretario xeral e portavoz do noso grupo, e ás que teño que facer referencia pormenorizada nos segundos que me quedan.

Estas dúas proposicións levan consigo a reprobación concreta de dous conselleiros, a reprobación do conselleiro de Traballo e a reprobación do conselleiro de Industria. Pensamos que en aplicación das competencias que lle outorga o artigo 16 do noso Estatuto e a propia Lei da Xunta de Galicia e do seu presidente, vostede ten a capacidade de destituír de inmediato a estes dous conselleiros. O devandito artigo 16.3 di: " Os conselleiros serán nomeados e cesados polo presidente". Con respecto a un deles, eu simplemente faría referencia a algo que xa onte dicía o noso secretario xeral e hoxe di a prensa doutra maneira, con menos forza, coa obxectividade dos números e coa frialdade das estatísticas, e di: "El número de personas desempleadas subió en febrero por sexto mes consecutivo en Galicia". Cando o paro sobe sistematicamente e as condicións de emprego na nosa terra cada vez son peores, o que non se pode facer é furta--lo lombo a eses compromisos e dicir que iso non nos afecta, e polo tanto botarse fóra e deixar que sexan outros os que o resolvan, se pensan que procede. O paro, por primeira vez na súa historia, supera as porcentaxes medias en Galicia, rondando o 16% por riba do 15 e pico por cen que anda no resto de España. E dicir, por primeira vez supera Galicia ó resto de España.

Que nos albores do século XX siga sendo noticia a falta de dotación dos centros de acollida do menor, así como as noticias de centros de maltratados, non se explica só pola ausencia total dunha política de protección ó menor, senón por unha política de desprotección do menor.

Cando aínda non están, nin con moito, consolidados un mínimo de servizos sociais de base de titularidade pública, a Xunta de Gali-

cia comeza unha carreira desbocada de privatización destes servizos, que, en boa lóxica, debera xestionar en colaboración coas entidades locais.

E por último, que Galicia sexa noticia por bater marcas en materia de sinistralidade laboral, señor conselleiro de Traballo, esixe que vostede deixe a súa Consellería por imposición, como nós lle pedimos ó señor presidente, se vostede pola súa conta non o fai antes.

Respecto á Consellería de Industria, señor conselleiro de industria, non pedímo--la súa reprobación por outras causas polas que, ó mellor, se puidesen pedir. Pero entendemos que hai unha carencia dunha política industrial definida para Galicia; non se explican criterios, nin plan xerais, nin sectoriais; non existe ningún plan de innovación tecnolóxica, nin hai unha definición dunha política industrial clara á cal se poida facer referencia.

A súa Consellería, señor conselleiro, limítase a verbalismos máis ou menos recoñecidos de que vostede non ten capacidade para afronta--la falta dun tecido industrial propio racionalmente dirixido a algo que existe en Galicia. Non ten control ningún sobre as subvencións que vostede dá ás empresas privadas. Iso púxose de manifesto en todas estas empresas que foron subvencionadas pola Consellería de Industria e que, sen embargo, como diría na súa linguaxe, señor presidente, ou nunha linguaxe similar, "se van ó tacho", poñamos por caso Cortemáns ou Viriato.

Hai unha incapacidade de xestión duns investimentos propios, pois en dous anos nin se remataron as obras iniciadas, nin se iniciaron obras anunciadas anteriormente. Por outra parte, existe un abandono de competencias do comercio interior, pois non se desenvolve a normativa concreta de comercio interior, deslegalizando as aperturas en domingos e festivos e xerando

desorde e confusión no sector. E por último, señor conselleiro, señor presidente, hai que destaca--lo nulo desenvolvemento de competencias propias que ten esta Xunta, tales como as referentes a artesanía, consumo, seguridade industrial, augas minerais, etc. Todo isto indica, señor presidente, e así vai na nosa proposta de resolución, que vostede destituír a estes dous conselleiros.

Con isto, señor presidente, rematámo--la nosa referencia ás propostas de resolución, indicando que todas elas cobren a carencia de iniciativas que ten o Goberno desta Xunta. Entendemos que estamos cos pes na terra, que estamos coas raíces na terra e que vemos unha Galicia real e as carencias que esta Galicia ten. Deste xeito, nós sómo--los que lles ofrecémo--las alternativas.

Agardamos que nolas teñan en conta, polo menos vostedes, xa que nas propostas de resolución e nas iniciativas que presentamos, se son aprobadas por vostede, nós pediremos que se faga un seguimento e se pida conta aquí de se se levan a adiante ou non. Isto é para que non pase como pasou no debate do estado da Autonomía do ano pasado, xa que das 13 ou 14 que se aprobaron, a maior parte delas quedaron sen ser executadas a pesar de ser aprobadas por vostedes nesta Cámara. Esixiremos ese seguimento e levarémo--lo control.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Pardo. Polo Grupo Popular o señor González Suárez ten a palabra.

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Señor presidente, señorías, o señor Rodríguez Pardo acaba de facer aquí un discurso de investidura, sen gañar previamente as eleccións. Polo tanto, señor Rodríguez Pardo, ese élle un procedemento parlamentario

que vostede acaba de inventar. Nós, como xa non temos que facer ningunha investidura, e seguindo as instrucións emanadas da Presidencia con relación á ordenación do debate, imos defende--las emendas presentadas polo Grupo Popular, que son en total 6. As ditas emendas solicitan deste Parlamento acordos moi importantes para Galicia da Comunidade Económica Europea, beneficios substanciais sobre todo para os sectores productivos galegos, para os sectores primarios, agás a primeira proposta de resolución, que paso agora a defender e que se refire a un tema tamén moi importante, pero que non ten nada ver coa materia á que fixen alusión antes.

Dicía onte no seu discurso o señor presidente da Xunta que a ampliación das competencias das comunidades autónomas do artigo 143 debía continuarse no futuro pola consideración de administracións únicas no territorio das comunidades que acadaron a súa autonomía polo artigo 151 da Constitución, como é o noso caso. Por iso mesmo nós presentamos esta proposta de resolución formulada no sentido de que se adopten as necesarias iniciativas tendentes a conseguí--la consideración de administracións únicas, xa mencionada, coas excepcións que constitúen o núcleo de solidariedade e a definición do marco propio do Goberno central. Todo isto especificase na propia proposta de resolución, que non lles vou repetir ás súas señorías.

A proposta de resolución número 7.654 fai fincapé no feito dos obxectivos que se derivan despois dos acordos de Maastricht, tendentes a que o reparto interno dos fondos estruturais se leve a cabo non só en función do nivel relativo do PIB de cada rexión, senón tamén en función da gravidade dos impactos negativos da adhesión á Comunidade Europea, o que significará para Galicia unha atención particularizada ós seus sectores primarios.

Por iso con esta proposta de

resolución se pretende que a incidencia en Galicia dos fondos estruturais non sexa menor á súa participación no FCI e, como novidade, que no que se refire ó recente creado fondo de cohesión estean esas prioridades estreitamente vinculadas á nosa ligazón transcantábrica e ás súas necesidades.

Sería interesante mencionar que eu xa supoñía que o BNG nos ía copiar--la nosa emenda presentada no seu día, no último Pleno concretamente, e á que fixo mención o señor deputado. Por iso mesmo nós presentamos unha proposta de resolución bastante mellorada con respecto a aquela para que se se practicaba vampirismo político, polo menos fose a nosa a que prosperase.

Agora voume referir á emenda número 7.655, que tamén trata temas que temos que solicitar das comunidades europeas, concretamente refírese ó feito de doada constatación de que o principio de subsidiariedade, a pesar de que figura así deste xeito, a verdade é que hai unha sensibilidade por parte das comisións de non aplicalo. Non obstante, a presenza rexional nesta Comisión, hoxe en día concertada no chamado Consello Consultivo das Rexións que tralos acordos de Maastricht vai recibir--lo nome de Comisións das Rexións, entrará en funcionamento no vindeiro ano 93.

Sería interesante, polo tanto, que se deseñase este órgano consultivo agora previsto para que se superase, dunha maneira total e absoluta, a simple presenza rexional para facelo operativo e eficaz en beneficio dese principio de subsidiariedade reiteradamente invocado que aparece moito nos regulamentos, pero que, desgraciadamente, é escasamente aplicado.

Sería tamén moi interesante que se fixasen vostedes na proposta de resolución número 7.656. Resulta cada día máis evidente que as grandes decisións da política económica, e en particular o desenvolvemento rexional, se toman en centros

de decisión afastados de cada Comunidade Autónoma. Por iso mesmo é preciso arbitrar un procedemento que, respectando os niveis competenciais respectivos, lles permita ós distintos centros de decisión atopar vías participativas por diversos niveis decisionarios en materia comunitaria, sobre todo no ascendente de formación de vontades decisorias, e por outra banda descendente de aplicación das devanditas decisións. Entendo eu que a propia proposta de resolución clarifica totalmente estas afirmacións que acabo de dicir.

Respecto da proposición número 7.657, que consta de 4 puntos, entendo que é doadamente asumible. En primeiro lugar, e con obxecto de favorecer--la nosa flota de baixura, que se proceda a unha fonda rexionalización da política pesqueira comunitaria ata a liña de 12 millas, mantendo as actuais derogacións da política común de pesca.

En segundo lugar, que se adopten as conclusións acordadas nas reunións das rexións do Arco Atlántico, por certo elaboradas por Galicia e que se concretan, especialmente, nun documento que actualmente está na Comisión da CEE, xa que o peso específico da nosa flota pesqueira ten a maior potencialidade cuantitativa ó supoñer máis dun 40% con respecto ás demais. Pero ademais diso, insisto en que ten unha valoración cualitativa, xa que é un dos sectores productivos de maior importancia que ten a nosa Comunidade.

En terceiro lugar, e isto é moi importante, que se solicite do Goberno central a adopción de medidas tendentes á eliminación das restriccións á flota do Gran Sol, adiantado o período transitorio, tendo en conta que non só existe limitación nas licencias de pesca, senón que ademais hai restricción nos días en que se pode pescar.

En cuarto lugar, que se demande do Goberno central o establecemento das iniciativas e decisións que

sirvan para resolve--las actuais dificultades polas que está pasando a flota conxeladora co fin de levar a cabo o plan de viabilidade deste sector, que xa está elaborado pola Xunta en colaboración cos sectores económicos e sociais implicados neste tema.

E, finalmente, a última proposta, a 7.658, consta tamén de 4 puntos. O primeiro refírese a que, de acordo co artigo 55.1 do noso Estatuto de autonomía, a nosa Comunidade Autónoma poida designa--los seus propios representantes nas empresas públicas que radiquen en Galicia e que actualmente están en crise, para, deste xeito, poder coñece--la súa xestión e ver cal é a nosa auténtica corresponsabilidade.

En segundo lugar, é unha petición de remate do proceso de reconversión naval nos estaleiros tanto públicos coma privados incluídos no plan complementario, entregado xa na Comisión europea correspondente.

En terceiro lugar, pídesse o apoio do Goberno central ó plan especial elaborado pola Xunta para Ferrol e a súa comarca.

Finalmente, e en cuarto lugar, tamén se demanda do Goberno central o apoio ós plans das diferentes flotas elaborados pola Xunta e que afectan a Vigo e á súa comarca.

Entendemos nós que estas seis propostas de resolución, feitas concretamente cinco delas para a Comunidade Europea, deben e poden ser asumidas por este Parlamento. Polo tanto, co apoio de todo el, terían un efecto moito máis elevado cando cheguen as ditas propostas ben sexa ó Goberno central, ben sexa á Comunidade Económica Europea. Con isto remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor González Suárez. Conforme ó previsto suspéndese a sesión por un prazo de quince minutos.

Suspéndese a sesión.

Reiníciase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Solicitada a palabra dentro do Grupo Mixto polo deputado señor Conde, por Coalición Galega e polo PSG, ten en primeiro lugar a palabra o señor Conde para tomar postura sobre as propostas presentadas polos distintos grupos.

O señor CONDE CID: Moitas gracias, señor presidente, e coa súa venia.

Señoras e señores deputados. Sospeito que o máis transcendente acaso do que hoxe se vaia decidir aquí son as resolucións 7.653, 7.654, 7.655, 7.656, 7.657 e 7.658, que aquí presenta o Grupo Popular á aprobación desta Cámara. Sospeito así porque, desde o galeguismo sempre se desexaron situacións como as que estas propostas de resolución pretenden. Sei tamén moi ben que o Goberno non necesita instarse a si memo para que estas resolucións teñan o desenvolvemento que precisan, pero sei tamén moi ben que o respaldo desta Cámara as faría moito máis viables. Por iso é polo que pretendo votar tamén favorablemente as rexistradas co número xeral de entrada 7.437, do Partido Socialista Galego--Esquerda Galega, e a medida número 6 da súa proposta 7.440.

Como entendo a importancia transcendental que para este país poden ter estas resolucións, atrevome a non só, e modestamente, anuncia--lo meu voto positivo a estas emendas, senón tamén a solicitar das súas señorías que, dada a transcendencia histórica que estas emendas poden ter --aínda que xa que están recollidas practicamente por tódolos grupos en moitas ou nalgunhas das súas emendas--, sexan votadas por nós, por todos nós, favorablemente, dada a entidade que implican en si mesmas.

Moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado. Señor Oujo Bello.

O señor OUJO BELLO: Señor presidente, señorías, lamentablemente a proposta de posibles consensos indicada polo señor presidente do Parlamento non puido realizarse, dado que o Grupo Popular desapareceu e non houbo un portavoz autorizado. Suponse que a postura é de rexeita--las emendas ou, polo meno, de non transaccionar ata este momento as emendas presentadas.

Eu sinto moito que non se puidese dialogar sobre algunhas emendas presentadas por nós, xa que eran positivas e estabamos abertos a posibles modificacións que, respectando o espírito da mesma, contribúisen en positivo a mellora--la acción do Goberno para este país.

Quero dicir que nós analizamos con interese as emendas presentadas polo resto dos grupos da Cámara. Así, vemos, por exemplo, que Esquerda Galega presenta unha serie de resolucións positivas e coherentes coas súas posicións de onte á tarde, e unha delas --e dígoallo ó señor do Grupo Popular-- xa foi aprobada o ano pasado. A devandita resolución é a referida ó Instituto Social da Mariña, que presentara Coalición Galega. Isto dígo, simplemente, por se ó mellor non a transaccionaron pero pensan apoiála. Creo que están dentro da filosofía do nacionalismo e da defensa dos intereses de Galicia, como fai Coalición Galega, e non temos obxección a ningunha das presentadas. Vemos con satisfacción que unha resolución que presentamos nós sobre a defensa da natureza e da fauna a presentan tamén eles, e todas van ser apoiadas, pero esa en especial, porque a defensa da bifauna e da natureza galega vai ser apoiada con entusiasmo. Polo tanto, non vemos ningunha obxección a tódalas emendas.

Con respecto ás emendas do BNG, os comentarios son os mesmos, fai tamén defensa da nosa lingua, do

problema industrial, do problema do ensino. E un conglomerado no sistema de emendas presentadas de acordo co seu discurso de onte á tarde. Pensamos que tamén son positivas e ímolas apoiar.

Con respecto ás emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas, cómpre dicir que, tendo en conta o tempo limitado para a análise de cento e pico emendas, non lles vemos tampouco gran obxección ás que presentan. Intentan estimular--lo Goberno nas accións, tanto en pesca, coma en sanidade, coma en cultura, coma en educación. En fin, non temos obxección ningunha en apoiálas.

No noso ton constructivo e positivo dicimos tamén que algunhas das emendas que presenta o Grupo Popular van ser apoiadas, porque nós, como nacionalistas, recoñecemos que algunha vez este Goberno acerta, sobre todo cando intenta defende--los intereses de Galicia.

E tamén lamentable pensar que o Goberno, o Grupo Popular que sustenta o Goberno, cumpra coa súa misión tamén parlamentaria de fustigar--lo propio Goberno con mocións e con este tipo de accións. Isto demostra que este Goberno é criticado igualmente polo propio grupo que o sustenta, se non é inconcibible que a un Goberno que di que actúa con coherencia, con meditación, con orde, equilibrio e perfección teña que se--lo propio Grupo Popular quen lle diga como ten que facelas cousas. Polo tanto, señor portavoz do Grupo Popular, señor González Suárez, felicitámolo a vostede por ese ánimo crítico que lle dá ó Goberno da Xunta de Galicia. Creemos que algunha das súas emendas son positivas e ímolas apoiar.

Non sei o que farán vostedes coas emendas de Coalición Galega. Espero que a súa actitude sexa tamén de sentido equilibrado, moderado e positivo, e que, das quince emendas que presentamos, algunhas delas merezan a súa atención, sobre todo esas de creación de infraes-

tructura do hospital do Barbanza, hospital do Salnés, do hospital de Bergantiños, de cumprimento da Lei de normalización lingüística, e algunhas do eido económico e industrial, que está sendo unha das grandes preocupacións que témo--los nacionalistas. Polo tanto, algunhas das súas emendas, señores do Grupo Popular, serán apoiadas, algunhas das 7. Espero que no mesmo sentido o Grupo Popular teña en consideración as emendas que nós presentamos.

Unha vez máis lamento que o Grupo Popular se pechase en banda a posibles negociacións cos grupos da oposición. Como hoxe xa non estamos no debate --termino, señor presidente--, senón que o debate xa foi onte e o señor presidente da Xunta xa foi frustrado abondo polos grupos da oposición, o meu ánimo non é frustrar, senón poñe--las cousas claras en defensa de Galicia.

Polo tanto, señorías, saiban os grupos da oposición que teñen o noso apoio a tódalas emendas e o Grupo Popular a algunha delas. Esperamos, en reciprocidade, que esa sensibilidade do Grupo Popular se manifeste publicamente, apoiando en positivo algunha das nosas emendas.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Oujo.

Ten a palabra o señor Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, señorías, non sei se este é o momento, pero eu quería dicirlle que vou solicitar unha votación agrupada de algunha das emendas. En todo caso, case as podía anunciar agora, para que tomasen nota para o momento da votación.

O señor PRESIDENTE: Para o efecto da operatividade farémolo no momento de votar cada grupo, se lle

parece á súa señoría.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Si, pero en todo caso iso dáme ocasión para falar agora sobre algúns aspectos políticos das emendas, tanto das nosas coma das dos demais partidos.

En primeiro lugar, quero que se vote por separado a que nós chamamos moción de reprobación do señor Fraga como presidente, e tamén a de reprobación do conselleiro de Educación, como a do apoio á folga xeral, a reclamación de Galicia no negocio como nacionalidade histórica, a desaparición dos gobernadores civís e a do fondo de cohesión, como tamén as dez medidas do plan económico e social que coinciden coa reclamación dos sindicatos ante a folga do 2 de abril próximo que apoiamos. Por outra banda, queremos que se voten todas xuntas as emendas da 9 á 15, que se refiren á Consellería de Educación; da 16 á 24, que son resolucións que foron aprobadas por unanimidade o ano pasado --sector lácteo, ISM, tren de alta velocidade, ordenación territorial, ASTANO, a integración da sanidade local no SERGAS, etc.--; da 25 á 31, que se refiren a cuestións como residuos sólidos, urbanismo, vivenda, viñado e lingua galega na Administración. E por fin, por separado tamén, a 32, que se refire ás autovías e di que a súa construción non pasará do ano 2010, isto vai dedicado ó señor Cuíña.

Señorías, respecto das emendas dos demais partidos, en principio imos votar a favor de tódalas emendas presentadas polo PSOE, como naturalmente votaremos a favor de tódalas emendas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego e por Coalición Galega.

En canto ás emendas do Partido Popular, imos ter unha postura política, e para explicala vou dar conta dun feito. Houbo unha vez unha manifestación na Quintana, en tempos problemáticos, e a Policía

reprimiuna entrando polas catro esquinas de forma moi dura. Algunha xente conservadora de Santiago protestou ante esa actuación da Policía, argumentando que a Policía utilizara unha táctica militar, é dicir, de aniquilación polos catro lados, en lugar dunha táctica policial, é dicir, de presión, pero deixando unha escapatoria.

Como o Partido Popular na posibilidade de transacción utilizou unha táctica militar, a nosa posición sobre as súas resolucións, que desde o punto de vista político e obxectivo é diversa e variada, e así o manifestaríamos se se nos deses oportunidade, terá en conta o que eles fan coas nosas emendas. En función do que faga o Partido Popular coas nosas emendas, así faremos nós, porque nós non estamos aquí, e máis de agora en adiante, para traballar para o inglés.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Nogueira Román.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías, isto non sei se é realmente unha Cámara de deputados, ou parcialmente unha Cámara de procuradores en Cortes, pero o que si é é unha Cámara das sorpresas.

Miren vostedes por onde, despois da moderación, serenidade e sentido do humor con que se desenvolveu esta sesión na rolda de exposición e defensa das propostas de resolución, cando se chega ó momento en que, conforme á ordenación do debate establecida, se suspende a sesión durante un cuarto de hora, naturalmente para dar ocasión a que os grupos parlamentarios poidan entrevistarse, reunirse, cambiar expresións ou falar das exposicións de cada quen respecto de, polo menos sobre determinadas iniciativas,

se produce nesta Cámara un episodio propio de "La pantera rosa", o inspector Clousseau.

Os portavoces dos Socialistas, de Coalición Galega, do PSG--EG e do BNG tivemos que andar á procura do portavoz do Grupo Popular e do Goberno, porque o portavoz que interviñera en defensa das iniciativas populares, o señor González Suárez, en canto nos diriximos a el dixo que el non era o interlocutor válido, e o interlocutor válido era o señor Portomeñe. E dicir, hai un fenómeno de ventriloquia, segundo parece, un fala pero o outro é o que emite os sons realmente. O señor Portomeñe seica estaba a recibir unha visita. En todo caso, durante o cuarto de hora produciuse, insisto, unha secuencia de "La pantera rosa", porque non creo que sexa daquela versión cómica de Frankenstein, dos monstros de Frankenstein, moi do agrado dos cativos nas series televisivas.

Eu estoume pronunciando neste ton porque dixeran que onte fora combativo, hoxe quería ser alegre, pero vostedes augan a festa de calquera, e xa non a miña persoal, á que estamos afeitos tódolos do BNG, senón que augan a festa realmente do que son as expectativas que o pobo galego podía ter hoxe de que esta Cámara rematase a sesión dando mostras de que é realmente unha institución seria.

Que eu saiba, non ten precedentes o feito de que no período de tempo destinado na orde do debate para que se proceda, se é o caso, a transaccións, ou cando menos a que haxa conversas entre os grupos da oposición, tódolos portavoces estean na procura doutro que non aparece. E só ó final, cando aparece, di que con tantas iniciativas non hai nada que falar, como se non fosemos capaces de distinguir e mesmo identificar pola súa numeración respectiva cada unha delas, e non tivese-mos facultades, os portavoces dos respectivos grupos, para enunciar algunha ou algunhas nas que tivese-mos especial interese, ou mesmo

aquelas que resultasen concomitantes, se non literalmente nos contidos esenciais, coas doutros grupos.

Isto só pode poñer de manifesto dúas cousas, primeiro, que o Goberno e o Grupo Popular non queren en absoluto ter diálogo coa oposición, é dicir, prefiren o combate puro e duro e non entenden outra dialéctica que a do "pao e tente tenso". Ademais, por riba, unha vez máis mostran desprezo porque se poñen en ridículo ante toda a cidadanía, e máis con retransmisión en directo, ó remate da sesión parlamentaria.

De tódalas maneiras, eu quero insistir, en nome do BNG, en dúas cousas, primeiro imos apoiar absolutamente tódalas iniciativas de tódolos grupos da oposición sen entrarmos en "remilgos" nin migallerías de se nalgunha estamos máis ou menos de acordo, ou se mesmo poden ser relativamente diverxentes das nosas posicións.

En segundo lugar, quero facer constar que a nosa proposta número 7.505, relativa á situación de Galicia dentro da CEE, recolle --e se isto é vampirismo, que veña o vampiro, que todos sabemos quen é na política galega, e o vexa-- taxativamente a emenda de adición presentada polo Grupo Popular no Pleno último celebrado con anterioridade a este, polo tanto hai dúas semanas. A proposición non de lei do BNG reclamaba que a Xunta solicitase do Goberno central a revisión das condicións en que queda Galicia na CEE, como consecuencia do Tratado de adhesión. Ademais tamén recolle literalmente a emenda que presentaba o Grupo Socialista.

E certo que ambas emendas foron presentadas non como de adición no seu momento, senón como de substitución. Tamén é certo que houbo unha postura flexible do BNG na que as incluíría xa como de adición, e isto facémolo con esta proposta de resolución. Ademais, rebaixámo--los mínimos máis absolutos, poñémolos completamente no sentido de reducir

aquilo que sexa admisible no contexto ideolóxico e no posicionamento político dos demais grupos, sempre que non estean conformes cos termos estrictos actuais das condicións en que está integrada Galicia na CEE, rebaixamos ou transformamos a ese nivel o contido elemental da nosa propia iniciativa daquela. Dito isto, quero dicir que as propostas de resolución presentadas polo Grupo Popular hoxe, agás a que se refire ó sector público do Estado español e ó plan de Ferrol, todas elas se refiren á CEE e a Galicia, e son simples desenvolvementos do enunciado por eles mesmos na emenda que nós recolleemos aquí textualmente. Polo tanto, non hai conflito nin contradicción entre a nosa proposta de resolución 7.505 e 5 das 6 propostas de resolución do Grupo Popular presentadas hoxe. A postura do Grupo Popular de non querer nin falar do asunto significa unha visión patrimonialista e de propiedade privada da política, da iniciativa parlamentaria e das decisións e dos acordos parlamentarios neste país.

Polo tanto, nós imos pedir que se vote por separado a 7.505 nosa, unicamente esa por estes motivos. No que respecta á nosa toma de postura no tocante ás iniciativas presentadas polo Grupo Popular, quedamos á espera da toma de postura final do portavoz do Grupo Popular nesta tribuna, nesta rolda de posicións definitivas respecto do que, naturalmente, acabo de formular.

Non se trata de que acepten ou non acepten a nosa proposta. Se o Grupo Popular toma postura correctamente cun razoamento coherente respecto do que acabo eu de propoñer aquí, nós non teríamos reparo en apoiar esas iniciativas do Grupo Popular, porque, ¿como non imos estar de acordo co que solicitan eles cando nós solicitamos, tradicional ou politicamente, máis? Polo tanto, agardámo--la súa toma de posición.

Para rematar, nós, en principio, pretendemos que se vote por separado a nosa proposta de reso-

lución 7.468, de solidariedade do Parlamento de Galicia, nos termos que agora literalmente vou ler: "O Parlamento de Galicia, consciente da grave crise que afecta a tódolos sectores productivos do país, tanto no sector primario coma no secundario, e atendendo ó chamamento público e xenérico realizado por tódalas organizacións sindicais representantes dos obreiros e traballadores, así como dos labregos e mariñeiros de Galicia, expresa a súa solidariedade cos mesmos, entendendo que a folga xeral convocada para o próximo día 2 de abril en toda a nación é a expresión nidia e meridiana de denuncia pública da situación que padecen os mencionados sectores productivos". Non hai referencia a ningún adversario, non hai imputación de cargos a ningunha instancia política nesta redacción. Hai simplemente unha posición de solidariedade da Cámara de representantes do pobo galego con segmentos importantísimos da sociedade galega, que teñen criterio propio e que, en democracia, teñen organizacións propias recoñecidas constitucionalmente, e toman determinadas decisións. E unha de dúas, ou este Parlamento o que quere dicirlle ó pobo galego hoxe é que "abrenuntiat" --como se dicía no bautismo do demo-- dos sindicatos, das organizacións democráticas representativas das clases traballadoras do país, e descualifica a súa conducta --co cal está divorciado dese segmento da sociedade--, ou que este Parlamento, como Parlamento galego, está solidarizado con eles.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Beiras.

Ten a palabra o señor Rodríguez Pardo.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Señor presidente, señorías, efectivamente, neste trámite raro no que nos atopamos --digo raro porque se sus-

pendeu a sesión para intentar chegar a acordos, ou polo menos falar entre os grupos, e non houbo tal posibilidade-- nós, que non somos Goberno e que non temos tantos parlamentarios como teñen vostedes, lemos e estudiamos todas e cada unha das propostas de resolución que presentaron os distintos grupos. Despois de lelas e estudialas tomamos posicións sobre elas. Incluso tiñamos nas nosas notas, e nos posibles acercamentos para falar cos restantes grupos, unhas cantas observacións para chegar a aproximacións nalgunhas das propostas de resolución que o Grupo Popular presenta. Pero non puido ser así, porque o Goberno, o Grupo Popular, parece ser que carece de capacidade para le--las emendas ou as propostas de resolución dos demais grupos e tomar posición respecto delas. Se no Parlamento ten unha incapacidade como a que acaba de demostrar agora, non quero dicir que incapacidade terá para gobernar Galicia. Pero en fin, ese é un problema de vstees, non un problema noso.

Nós, que as lemos e estudiamos todas e cada unha delas, á vista de que neste trámite non houbo posibilidades de aproximación ou de falar e debater sobre as dos demais grupos, teremos que facer unha escolla moi pequeniña sobre algunhas das propostas de resolución que presentaron os outros grupos. A ese respecto teño que dicir que imos votar positivamente a proposta de resolución presentada polo Grupo Parlamentario Mixto, Partido Socialista Galego--Esquerda Galega, que manifesta que: "A Xunta presidida por D. Manuel non respondeu durante os seus dous primeiros anos de xestión ás esixencias derivadas das súas responsabilidades políticas". Estamos plenamente de acordo con esta exposición. Non entendemos que isto sexa unha reprobación, porque efectivamente non parece o trámite, e polo tanto non podemos apoiala en canto a reprobación. Pero imos votar a favor en canto que é unha constatación clara e plena da falta de --como se di na proposición que

imos apoiar-- responsabilidade política. Esta decisión tomámola non soamente polo que foi ata o de agora o Goberno de D. Manuel Fraga Iribarne, senón tamén pola proposta de resolución --digo o botón de mostra desta irresponsabilidade política-- que se presenta asinada polo Grupo Popular baixo o número 753. A concreción e proxección, do que onte eran as pinceladas, máis ou menos vagas, que fixo o presidente da Xunta sobre unha idea chamada Administración única en Galicia, hoxe convértese nun proxecto de instauración dun sistema administrativo único. Sistema, en primeiro termo, supoñería --como non pode ser por menos de entender-- unha clara deslealdade constitucional, porque --e isto, señor presidente da Xunta de Galicia, como experto constitucionalista, sábeo-- hai a Constitución e hai o bloque de inconstitucionalidade.

Cando se fala das administracións únicas, e aquelas materias que constitúen o núcleo de solidariedade e definición do marco propio do Goberno central, concretadas a nivel periférico substancialmente na Facenda, enténdese, polo menos, que se están sacando da propia Administración única determinadas materias. O que non se entende é se estas se inclúen dentro das administracións únicas ou se se apartan delas. A necesaria sería: a nivel periférico, substancialmente na Facenda --parece ser que se pretende unha Administración única de Facenda--, en canto que recadadora dos grandes impostos e das cotizacións á Seguridade Social, sen prexuício da necesaria corresponsabilidade fiscal. Enténdese que polo menos queda como residual a corresponsabilidade fiscal. O sistema básico de prestacións da Seguridade Social queda incorporado á Xunta de Galicia, en especial desemprego e pensións, así como o ámbito da Administración de Xusticia, que corresponde ó poder xudicial, e a seguridade xeral. A seguridade xeral enténdese que queda fóra, e non dentro, deste sistema das administracións únicas.

Independentemente da confusa formulación que significarían estas administracións únicas, quero chamar--la atención sobre o feito de que --porque non é simplemente para Galicia, senón como se di na proposta de resolución para as comunidades que acadaron a Autonomía ó amparo do artigo 151 da Constitución: Cataluña, Euskadi e Galicia-- isto supón claramente a creación dun Estado residual, que sería o Estado español, e tres estados principais, que serían Cataluña, Euskadi e Galicia, dentro da concepción que se encerra no texto literal desta proposición. Eses estados principais parece que superarían totalmente calquera das formulacións nacionalistas máis logradas e acaídas que hoxe por hoxe sexan.

Pensamos que isto, levado a adiante desde a postura que debería te--lo presidente da Xunta de Galicia --un dos pais da Constitución española, que onte invocaba nada máis e nada menos que a "Bundestreve", a lealdade constitucional como un dos criterios básicos--, rompendo todo posible acordo e todo posible pacto, toda posible lealdade constitucional, que no seu momento levou consigo o dotarnos en España do marco de liberdades que hoxe temos, é un claro síntoma da irresponsabilidade. E a constatación plena de que detrás da palabrería, dos xestos, do irrealismo que envolve sistematicamente e que constitúe o envoltorio desta Xunta, non hai absolutamente nada. Nós votaremos en contra disto. Votaremos en contra desta proposición; absterémonos noutras.

Tiñamos pensado votar a favor se chegabamos a algún acordo con algunhas das propostas que presentou o Grupo Popular. Pero non houbo posibilidade de chegar a ese consenso, porque ó Grupo Popular parece que non lle interesa o consenso, que non lle interesa este trámite, e que soamente lle interesaba, no debate do estado de Autonomía, que o señor Fraga Iribarne viñese aquí contarnos este conto de fadas, de meigas ou de trasnos. Todo isto non

ten nada que ver co consenso, coa relación dialéctica que se debe establecer en calquera Parlamento do mundo, onde haxa un Goberno e unha oposición. Para iso son os parlamentos e os sistemas democráticos, para que a relación entre o Goberno e a oposición sexa unha relación dialéctica, que saque para adiante calquera país, mediante o xogo combinado destas dúas forzas. Unha oposición é tan necesaria para un Goberno coma o é o propio Goberno. Os dous son parte indisoluble, non sendo naqueles modelos do Estado único, o Estado de Onésimo Redondo ou de Ramiro Ledesma Ramos.

Cando se falaba e se fala desta especie de Estado semiindependente ou case federalizante, que se encerra detrás da proposta de resolución á que antes me referín, en realidade o Estado no que se está pensando é aquel que, no seu momento, quixeron impoñer en España xentes xa pasadas, en tempos pasados e con ideas total e absolutamente periclitadas, aínda que se estudiaran no Instituto de Estudios Políticos por parte de quen hoxe é presidente da Xunta de Galicia.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Rodríguez Pardo.

Ten a palabra o señor González Suárez.

O señor GONZALEZ SUAREZ: Señor presidente, señorías, realmente non é unha misión moi doada, e sobre todo é moi pouco sosegada, intentar face--la lectura de 233 emendas presentadas polos grupos parlamentarios da oposición. Nun cálculo non moi rigoroso, pero case xusto, poderíase dicir que habería que facer unha lectura de 17 propostas por minuto, o que supón unha velocidade bastante importante para que se puidese ser estrictamente rigoroso. Eu non nego que haxa propostas sen dúbida atendibles, incluso diría que hai moitas innecesarias,

e por suposto hai moitas máis que pretenden suplantarlle ó Executivo a súa misión, é dicir, as súas facultades, ou modificar unha lei como é a Lei de presupostos, aprobada, como saben todos vostedes, neste Parlamento.

Pero eu quero facer un comentario neste intre --non o quixera silenciar-- sobre dúas emendas presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas e dúas presentadas por D. Camilo Nogueira. Ambas dúas son procedementos "torticeiros" --permítanme este termo, que por certo aprendín nesta Cámara-- para chegar a unha moción de censura sen da--la cara. Porque se vostedes pretenden facer unha moción de censura, presenten un candidato alternativo, e como din que teñen os votos suficientes, podemos debater--lo seu programa --que tamén foi o que pretendeu facer aquí o señor portavoz do Grupo dos Socialistas--, e imos poñernos todos a xogar a ese tema. O que non se pode pretender é vir "torticeiramente" presentarllas a dous, a tres, ou a catro conselleiros unha moción de reprobación, sabendo, como saben vostedes, señor Nogueira e señores do Partido Socialista, que unha moción de reprobación a catro, a un ou a dous conselleiros leva consigo unha moción de censura encuberta a todo o Goberno, porque o Goberno é solidario. Polo tanto, prescindindo da súa coherencia neste momento, señores, fagan o favor de da--la cara se queren ser valentes.

Señor portavoz, respecto das emendas do Partido Socialista teño que dicirlle --xa o apuntaba onte o meu compañeiro de grupo parlamentario, señor Vázquez Portomeñe-- que o secretario de Política Institucional do Grupo dos Socialistas, en declaracións recollidas en "La Voz de Galicia" do día 4 de febreiro deste mesmo ano, dicía que a partir de agora ían presentar --porque ata agora non o fixeran-- iniciativas positivas, é dicir, graduarían as non negativas. Pois, señores do Partido Socialista, con este enca-

bezamento destas dúas emendas e as que veñen a continuación, eu dígo-lles que aínda seguen anclados no negativismo, é dicir, aínda non pasaron á parte positiva.

Señor Rodríguez Pardo, non se trata de que haxa incapacidade para face--la lectura, o que hai é unha responsabilidade para facela. Vostede recórdame aquel individuo que vai de mirón a unha partida de xadrez --do que sabe moito o señor Merino-- e lle di a un que mova o alfil, e cando llo comen, ó individuo que o moveu, porque llo dixera el, agarra e lisca. Pois isto é o mesmo; vostede deixa unhas propostas de resolución e o Goberno que se encargue de facelas. Naturalmente así pódese facer unha lectura rápida, pero aquí hai responsabilidade e non incapacidade. Non confundamos un termo co outro.

Respecto ó señor Oujo, soamente lle teño que dicir que ningunha das nosas propostas van dirixidas ó noso Goberno, senón ó Goberno central, como vostede sabe moi ben. A parte diso, se hai que frustriga--lo Goberno, ó Grupo Parlamentario Popular non lle faltarán arrestos para frustrigalo cando sexa necesario, cousa que non fixeron vostedes, señores deputados, e non os quero meter no túnel do tempo de hai dous anos.

(Murmurios)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, señor Martínez Losada.

O señor GONZALEZ SUAREZ: Señor deputado, soséguese porque estamos aquí moi tranquilos e os seus comentarios a min "me la refanfinfla", como dixo moi ben aquí a señora deputada García Negro, en certa ocasión.

Señor Nogueira, tamén teño para vostede uns comentarios, aínda que xa lle fixen algúns. Onte o meu compañeiro de partido e de grupo parlamentario díxolle que andaba a

bandazos, e eu creo que volve andar dese xeito. Ten tal megalomanía que cre que o señor presidente se vai ocupar do seu partido; pois, ifaltaría máis! Vostede demostrounos que confunde as orellas do lobo cos ollos das toupeiras, e esas sonlle cegaratas; vostede ten cegueira absoluta.

Non debía estar moi seguro das súas proposicións, porque cando fixo a súa defensa empregou menos da décima parte do tempo de que dispoñía. E, ¿por que?; pois porque ó le--la última, que é o paradigma da trivialización deste Parlamento, as demais, evidentemente, non podían ser doutra sorte, dado que esta terminaba co pastel das súas propostas de resolución. E finalmente, señor Nogueira, eu non vou entrar en diálogo con vostede neste momento.

Por último, teño que dicirlle ó señor Beiras, con todo respecto, que: primerio, a nosa emenda á súa proposición non de lei era unha emenda de substitución, non de adición; hai matices moi importantes. E segundo, vostede sempre ten o costume de terxiversa--las cousas moi suavemente, pero tamén "paladinamente". Onte mesmo tivo vostede unha diatriba co meu compañeiro, o señor Vázquez Portomeñe, a propósito dunha proposición de lei presentada por vostede en novembro do 87. Daquela nós non lla votamos en contra, e sen embargo acusounos cun dedo incisivo porque lle derámo--lo non. Non señor, nós abstivémonos naquela ocasión, e pódollo demostrar polo Diario de Sesións. Polo tanto, non veña vostede aquí terxiversa--los feitos, porque a xente que o oía pode pensar: ese home ten razón, e non a tiña, como tampouco a ten sobre a proposición que vostede fai, e que foi moi mellorada respecto a como se formulara o día 25 de febreiro.

E soamente quero dicirlle ó señor Alfredo Conde, que moitas grazas polo apoio das emendas, porque sabe valorar... (murmurios).

Señor presidente, non sei a que vén isto. Eu non veño aquí para facer comicidade, como algúns que veñen con linguaxes "out", "on camp" ou doutro xeito.

Moitas gracias, señor presidente

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Rodríguez Suárez.

A señora García Negro sabe que non hai intención. Desculpe a esta Presidencia polo lapso.

(Pide a palabra a señora García Negro).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señora García Negra? Perdón.

A señora GARCIA NEGRO: Toda a solidariedade do mundo coas miñas conxéneres negras, pero de momento aínda non me vin na transmutación de cor de pel correspondente, aínda que aquí todo pode pasar, claro está, todo é posible nesta Cámara.

Respecto das alusións que acaba de face--lo señor portavoz do Partido Popular, quérolle facer notar unicamente ó señor González Suárez que non me vampirice as miñas expresións coloquiais ou enfáticas. Que as extraia da súa mesma canteira léxica, se é que a ten, se non que a vaia procurando.

O señor PRESIDENTE: Señora García Negro, penso que o señor deputado citou a orixe e recoñeceu a autoría desas expresións. Esta Presidencia pídelles desculpas polo lapso, seguramente debido ó entusiasmo con que a súa señoría defende todo o relativo á feminidade, e ás mulleres en xeral, o que lle fixo a esta Presidencia cambia--lo de "Negro" por "Negra". Vostede perdóme.

O señor PRESIDENTE: Establece-

mos unha orde.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Pido a palabra para unha cuestión de orde, señor presidente.

Eu si lle quero facer unha consulta á Presidencia. Dado que dixen que estaba á espera da posición definitiva do Grupo Popular para fixa--la nosa posición de voto respecto das iniciativas en forma de propostas de resolución do Grupo Popular, pregúntolle á Presidencia se pode facelo agora ou se o fago a modo de explicación de voto, despois da votación; éme igual.

O señor PRESIDENTE: Dada a multiplicidade de propostas presentadas e o sentido que iso pode presumir, non hai inconveniente en que haxa unha brevísima rolda de explicación de voto posteriormente.

Ten a palabra o señor Conde Cid.

O señor CONDE CID: Moitas gracias, señor presidente. Intervenío para pedi--la votación por separado das propostas 7.435 de Esquerda Galega e 7.507 e 7.508 do PSOE, e para poder facer boas desde o meu nivel, e desde outros, moitas das razóns que aquí se deron.

Moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Ten a amabilidade de nos repeti--los números á Mesa.

O señor CONDE CID: 7.435 de Esquerda Galega e 7.507 e 7.508 do PSOE.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Conde.

Ten a palabra o señor Rodríguez Pardo.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Moitas grazas, señor presidente.

Paréceme que non quedaron claras unhas palabras que se dixeron aquí --polo menos as que dixo este portavoz, e coido que tamén as outras-- respecto dunha posible moción de reprobación presentada polo PSG--Esquerda Galega. Nós dixemos que non era directamente unha moción de reprobación; de tódalas maneiras utilizamos ou utilízase, o mesmo fundamento xurídico das mocións de reprobación, que instaurou en España o señor Fraga Iribarne, no Congreso dos deputados. Pero independentemente diso, é unha disconformidade e non hai ningunha censura encuberta, porque nós directamente lle dicimos ó señor presidente da Xunta que destitúa a determinados conselleiros. Polo tanto, en uso das facultades que o Estatuto de autonomía lle concede ó presidente, este Parlamento instao a que destitúa a eses conselleiros.

Máis nada e moitas grazas.

(Pide a palabra o señor Nogueira).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Nogueira?

O señor NOGUEIRA: Señor presidente, teño que dicir que, efectivamente, na moción que presento en resolución utilizo as posibilidades regulamentarias desta sesión, pero politicamente é unha moción de reprobación ó señor Fraga, co contido concreto que aí ten. A miña valentía política consiste xustamente en presentala

Moitas grazas.

VOTACION DAS PROPOSTAS DE RESOLUCION.

O señor PRESIDENTE: Feita a precisión, non é necesario abri--lo debate.

En primeiro lugar, pregúntolle ó señor portavoz de Coalición Galega a orde en que quere que se voten, cales quere votar separadas e cales xuntas.

Agradézolles ós señores portavoces que ó facer esta pregunta se lle indique á Mesa o número de documento, para facilitarlle o labor e para que quede constancia clara no Diario de Sesións.

PROPOSTAS DE RESOLUCION DO G.P. MIXTO (C.G.).

O señor OUJO BELLO: Moitas grazas, señor presidente.

Nós pediríamos que se votasen da seguinte forma: As números 7.419 e a 7.420, que se refiren ó paro feminino e ó paro xuvenil, nunha votación. Despois pediríamos que as propostas número 7.421, 7.422, 7.423, 7.424, 7.425, 7.426, 7.427, 7.428, 7.429 e 7.433, que son de carácter industrial, empresarial e lexislativo, se votasen conxuntamente. Despois, señor presidente, por separado: a proposta número 7.430, do hospital do Barbanza; a 7.431, do hospital de Bergantiños; e a 7.432, do hospital do Salnés.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

En primeiro lugar esta Presidencia entende que é suficiente a repetición dos números dos documentos, por obrar en poder dos distintos grupos e estar clara a súa identificación.

Póñense a votación, en primeiro lugar, as propostas números 7.419 e 7.420.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38;

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Póñense a votación as seguintes propostas: desde a número 7.421 ata a 7.429, así como a 7.433.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38;

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

Ponse a votación a proposta número 7.430

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Ponse a votación a proposta número 7.431.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38;

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Ponse a votación a proposta número 7.432.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38;

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

PROPOSTAS DE RESOLUCION DO G.P. MIXTO (PSG--EG).

O señor PRESIDENTE: Corresponde agora a votación das propostas do PSG, desde a número 7.434 ata a 7.465. Está pedida, en principio, a votación por separado da proposta número 7.435, se o señor Nogueira o acepta.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Se mo permite, señor presidente, eu direille as agrupacións que pretendo facer.

O señor PRESIDENTE: Agradecemosillo.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Dado que pediu que se citasen por número de documento e non por número de propostas, como nós as presentáramos, son as seguintes: Pedímo--la votación por separado para a 7.434, referente á reprobación do señor presidente; e tamén para a 7.435, referente á reprobación do conselleiro de Educación. Querémo--la votación conxunta para a 7.436 e 7.440, referentes ó apoio ós sindicatos, para o 2 de abril, e ó Plan económico e social. Tamén pedímo--la votación conxunta para a 7.437, referente a Galicia como nacionali-

dade histórica na negociación co Goberno central; e para a 7.439, que trata do Fondo de Cohesión novo da Comunidade Económica Europea.

O señor PRESIDENTE: ¿Tamén co mesmo grupo anterior?

O señor NOGUEIRA ROMAN: Non, dúas xuntas, a 7.436 e a 7.440, e tamén xuntas, pero separadas, a 7.437 e a 7.439.

O señor PRESIDENTE: Si, perfectamente.

O señor NOGUEIRA: Fago dúas parellas.

O señor PRESIDENTE: Si, si, si. Entendido, perfectamente.

Gracias.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Pedímo--la votación singular para a 7.438, referente á desaparición dos gobernadores civís; e tamén para a 7.442, sobre a Lei de comarcalización no Parlamento. Pedímo--la votación por separado, aínda que agrupadas, para a 7.449 e a 7.457, que se refiren a resolucións aprobadas por unanimidade o ano pasado e non realizadas polo Goberno, desde o sector lácteo ata ASTANO, desde a sanidade local ata o tren de alta velocidade. E queremos que se voten todas xuntas as seguintes: da número 7.441 á 7.448, excepto a número 7.442. E da número 7.458 á 7.464. E, finalmente, pedimos que se vote por separado a resolución trivial, que lle corresponde á Xunta de Galicia, é dicir, que as autovías se fagan antes do 2010, dado que este é o horizonte que se pon para esta cuestión.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Nogueira.

Ten a palabra o señor Rodríguez Pardo.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Señor presidente, á parte de que o propio grupo pida a separación, os outros grupos tamén queremos tomar posición. Posto que temos resolucións distintas respecto dalgunhas agrupacións, eu faría referencia ós tres bloques de propostas de resolución do PSG--EG, que nós temos apartados e queremos que se voten independentemente das que fan referencia a cada un dos bloques. Entón, á parte do que di o PSG--EG sobre o feito de que se sometan separadamente, nós quixeríamos votación separada para un bloque composto por: 7.434...

O señor PRESIDENTE: Señor portavoz, entendo que neste momento, e unha vez pedida polo autor da iniciativa a votación separada de determinadas propostas, só cabe que os demais grupos pidan a separación das que están agrupadas, pero non agrupa--las que el separou...

O señor RODRIGUEZ PARDO: A verdade é que eran nun bloque. Ben, entón pedímo--la votación separada para as: 7.436, 7.438, 7.452, 7.456, 7.440, ...

O señor PRESIDENTE: Un momento, señor Rodríguez Pardo. Imos poñer un pouco de orde.

Hai un primeiro bloque das agrupadas polo autor. Entón pídesse que se separen a 7.436 e a 7.440, que estaban xuntas. Despois a 7.437 e a 7.439 poden seguir xuntas.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Tamén queremos que se voten separadas as 7.452, 7.456 e 7.465, así como as 7.440, 7.454, 7.455 e 7.464.

O señor PRESIDENTE: Perfectamente. Se ó ordena--la votación es-

ta Presidencia houbera algún erro, agradézoilles ós señores portavoces que me indiquen que outras propostas debemos separar.

Procedemos a votar, se as súas señorías teñen a bondade de ocupalos seus escanos.

Ponse a votación a proposta número 7.434.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta.

Ponse a votación a proposta número 7.435.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta.

Ponse a votación a proposta número 7.436.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta.

Póñense a votación as propostas números 7.437 e 7.439.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

Ponse a votación a proposta número 7.438.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Ponse a votación a proposta número 7.440.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 38; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta.

Ponse a votación a proposta número 7.441.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta.

Ponse a votación a proposta número 7.442.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta.

Póñense a votación as propostas números 7.443, 7.444, 7.445, 7.446 e 7.447, que se poden votar conxuntamente.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas.

Ponse a votación a proposta número 7.448.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta.

Póñense a votación as propostas números 7.449, 7.450, 7.451 e 7.453.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

Ponse a votación a proposta número 7.452.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Ponse a votación a proposta número 7.454.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 38; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Ponse a votación a proposta número 7.455.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 38; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Ponse a votación a proposta número 7.456.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Póñense a votación as propostas números 7.458, 7.459, 7.460, 7.461, 7.462 e 7.463.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Ponse a votación a proposta número 7.464.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 38; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

E finalmente, dentro deste grupo, ponse a votación a proposta número 7.465.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

PROPOSTAS DE RESOLUCION DO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:

O señor PRESIDENTE: Pasamos ás propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do BNG.

Señor Beiras, ten a palabra.

O señor BEIRAS TORRADO: Si, señor presidente.

O BNG unicamente separa para a súa votación illada as seguintes propostas: a 7.468, que se refire á expresión de solidariedade do Parlamento cos sectores que se van expresar mediante a folga xeral o próximo día 2 de abril; a 7.505, que é a que se refire á revisión das condicións da integración de Galicia, a través do Estado español, na Comunidade Económica Europea; e a 7.485, que reclama a creación dunha Comisión parlamentaria non Permanente para redactar unha alternativa na división comarcal de Galicia. Estas son as tres propostas que solicitamos que se voten por separado; tódalas demais pódense votar nun só paquete.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Beiras.

¿Algún outro portavoz pide a separación das propostas?

O señor Rodríguez Pardo ten a palabra.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Si, señor presidente.

Querémo--la votación separada para coas propostas 7.476, 7.481, 7.487 e 7.491, que poderían ir xuntas nun bloque. E despois, por outra banda, a 7.482, 7.484, 7.489, 7.490, 7.495, 7.498, 7.502 e 7.503, noutro conxunto.

O señor PRESIDENTE: Señor portavoz do Bloque, ¿acepta a agrupación dos bloques indicados? (Asentimento).

Se non hai ningunha outra petición, procedemos a votar.

Póñense a votación as propostas números 7.466, 7.467, 7.469, 7.470, 7.471, 7.472, 7.473, 7.474, 7.475, 7.477, 7.478, 7.479, 7.480, 7.483, 7.486, 7.487, 7.488 e ata a 7.505, agás a 7.482, 7.484, 7.489, 7.490, 7.491, 7.495, 7.498, 7.502 e 7.503.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

Ponse a votación a proposta número 7.468.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeita-

da.

Ponse a votación a proposta número 7.476.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Póñense a votación as propostas números 7.481, 7.487 e 7.491.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 65.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas.

Ponse a votación a proposta número 7.485, pois foi pedida a votación separada polo autor da iniciativa.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta.

Póñense a votación as propostas números 7.482, 7.484, 7.489, 7.490, 7.495, 7.498, 7.502 e 7.503, que se poden votar tal como se indicou agrupadamente.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 38; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas.

Finalmente, ponse a votación a proposta número 7.505

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 38; abstencións, 27.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta.

PROPOSTAS DE RESOLUCION DO G.P. DOS SOCIALISTAS:

O señor PRESIDENTE: Póñense agora a votación as propostas do Grupo Parlamentario Socialista. Señor Rodríguez Pardo, ¿pódenos indicar--la forma da votación?

O señor RODRIGUEZ PARDO: Si, señor presidente. Nós queríamos votar separadamente a 7.507 e a 7.508. O resto poden ser votadas conxuntamente.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Rodríguez Pardo. ¿Algunha outra separación para a votación? ¿Pódese aceptar así (Pausa)?

As dúas indicadas votaranse por separado tamén entre si, loxicamente.

Se non hai mais petición de segregación poñémolas a votación.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Si, señor presidente. Quero dicir que estas dúas son as que fan referencia á petición de que cese o señor presidente e á reprobación destes dous conselleiros.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a proposta número 7.507.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Ponse a votación a proposta número 7.508.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta.

Ponse agora a votación o grupo das propostas desde a número 7.509 ata a 7.652.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

PROPOSTAS DE RESOLUCION DO G.P. POPULAR.

O señor PRESIDENTE: Póñense agora a votación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, desde a número 7.653 ata a 7.658.

(Pide a palabra o señor González Suárez).

O señor PRESIDENTE: Si, señor González Suarez.

O señor GONZALEZ SUAREZ: Señor presidente, nós, evidentemente, queremos que se voten todas xuntas, pero estamos ó que digan os demais.

(Pide a palabra o señor Oujo Bello).

O señor PRESIDENTE: Si, señor Oujo.

O señor OUJO BELLO: Moitas grazas. Señor presidente, nós pediríamos que se votase por separado a 7.653 e a 7.655.

O señor PRESIDENTE: ¿55?

O señor OUJO BELLO: 55, si.

(Pide a palabra o señor Nogueira).

O señor PRESIDENTE: Si, señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA: Señor presidente, pedimos que se vote por separado a 7.656, isto é, a última.

O señor PRESIDENTE: ¿56?

O señor NOGUEIRA: 7.656, si.

O señor PRESIDENTE: A antepeúltima, 56. pasamos entón á votación.

(Pide a palabra o señor Rodríguez Pardo).

O señor PRESIDENTE: Si, señor Rodríguez Pardo.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Eu non sei se as separaron todas ou aínda queda algunha por separar.

O señor PRESIDENTE: De momento temos agrupadas a 4, a 7 e a 8.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Pois, queredamos agrupa--la 7.653 e a 7.657 nun grupo, e despois as outras por separado, noutro grupo.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación, en primeiro lugar, a proposta número 7.653.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 27; abstencións, 7.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 7.653.

Póñense a votación as propostas números 7.654 e 7.658.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 36.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas as propostas 7.654 e 7.658.

Ponse a votación a proposta número 7.655.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 36.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta 7.655.

Ponse a votación a proposta de resolución número 7.656

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 2; abstencións, 34.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta número 7.656.

Finalmente, ponse a votación a proposta número 7.657.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 27; abstencións, 9.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta 7.657.

Rematada a votación das propostas presentadas, tal como se anunciara abrimos unha breve rolda de

dous minutos --que penso que son suficientes-- para explicación de votos. Ten a palabra o señor Conde Cid.

O señor CONDE CID: Moi brevemente, desde o escano.

Aquí parece que estabamos todos de acordo, señor presidente, na transcendencia histórica da última votación que se produciu na Cámara, uns por unhas razóns e outras xentes, outros deputados, por outras. Neste sentido, agradezo vivamente a intervención do señor portavoz do Grupo Socialista, porque nun futuro me vai aforrar a min cantidade de explicacións.

Teño que dicir que se a política lexítima --o que eu, loxicamente, apoio-- dos partidos é a de aproveitar--los distintos acontecementos parlamentarios para votar dun xeito ou doutro, espero que se comprenda que en virtude, precisamente, de que eu non teño que soste ese tipo de políticas, respectándolas como as respecto, poida eu votar para facer válida desde o meu estricto punto de vista, absténdome noutras votacións que responden exactamente ás mesmas motivacións e non respaldan cousas de transcendencia institucional para este país.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Oujo Bello.

Se algún deputado necesita completa--lo toque cunha campaña cédea a Presidencia.

(Risos).

O señor OUJO BELLO: Moitas grazas, señor presidente.

Brevemente para explica--lo voto de Coalición Galega ás emendas presentadas, perdón, ás proposicións de resolución presentadas neste debate.

Tal como avanzamos, apoiamos tódalas propostas presentadas polos partidos de Esquerda Galega, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia, PSOE. Apoiamos, como avanzamos aquí, unha emenda do Grupo Popular que é a número 7.653 e abstivémonos en tódalas demais. Fundamentalmente polas seguintes razóns:

En primeiro lugar, moitos destes temas foron xa tratados dabondo nesta Cámara por iniciativas da oposición, apoiadas pola oposición e rexeitadas neses momentos polo Grupo Popular.

Noutro caso por ambigüidade.

E, no terceiro caso, nunha delas, pensamos tamén que empezar a falar dos acordos de Maastricht, e dicirlle ó Goberno central o que ten que facer, esquecéndose de Galicia, sen mencionar sequera que participe nesa negociación, parécenos verdadeiramente que non era apoiable. De aí que a nosa postura en coherencia completa co noso debate foi apoiar tódalas propostas da oposición e unha do Partido Popular, e absternos nas do Grupo Popular polas razóns xa ditas.

E, igualmente, tamén quero dicir que nós lamentamos --e iso tamén é explicación de voto-- que non houbese diálogo para transaccionar propostas da oposición, sobre todo as de Coalición Galega.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Oujo. Ten a palabra o señor Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, señorías.

Señorías, tivemos unha actitude determinada coas resolucións presentadas polo Partido Popular en correspondencia coa actitude que tivo o Grupo Popular cos partidos

da oposición. Abstivémonos na maior parte das emendas, votamos en contra de unha. E fixémoslo así porque o Partido Popular se distinguiu hoxe e onte polo oportunismo claro e polo ánimo destrutivo. Votaron a todo en contra, a primeira vez que iso se fai nesta Cámara nun debate do estado da Autonomía. A todo en contra é a innovación do señor Fraga, o ánimo destrutivo por excelencia.

Eu dixen ó principio que acusaba ó señor Fraga de intolerante, autoritario e arrogante, incluso de empequenece--la cabeza dos adversarios, e no voto do Grupo Popular, señorías, está demostrado ese ánimo arrogante, aí plasmouse a situación.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Acabo xa. Animo arrogante que está dirixido especialmente...

O señor PRESIDENTE: Lémbrolle ó señor deputado que está explicando o seu voto.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Pois permítame que acabe, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Señor deputado, está gastando o seu tempo e non nos está explicando o seu voto.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, supoño que non lle darían a orde de que me calasen tamén aquí. Déixeme falar, por favor, e termina--la miña intervención.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle ó señor deputado que se manteña en termos de cordialidade e de cortesía con esta Presidencia.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Estou sendo absolutamente cordial, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Esta Presidencia non é responsable de que a súa señoría ocupe unha rolda de explicación de voto en temas que non son propios desa rolda.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Estou explicando o voto, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: O seu tempo rematou.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Déixeme falar sobre a cuestión da Administración.

O señor PRESIDENTE: Se vai precisa--la explicación do seu voto, con moito gusto lle prorrogo o tempo. Pero cíngase a iso.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Quero centra--la explicación do meu voto basicamente na cuestión da Administración única. Esta cuestión, señorías, foi presentada polo PSG--Esquerda Galega no debate sobre a autodeterminación. Nós non falabamos soamente da autodeterminación no sentido estricto, eran unha serie de medidas de desenvolvemento do autogoberno e falabamos da Administración única, de que a Comunidade Autónoma fose o Estado en Galicia, por así dicilo, e seguíamos con isto a reivindicación das nacionalidades históricas. Votou en contra o Partido Popular cando presentou o PSG--Esquerda Galega...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor deputado.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, supoño que me deixará explica--lo voto.

O señor PRESIDENTE: No tempo que se lle deu. O seu tempo rematou.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Remato xa.

O señor PRESIDENTE: Repítolle que rematou o seu tempo.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Xa estamos, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, o seu tempo rematou.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Rematou. Déixeme explica--lo voto, señor presidente, polo menos.

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira, o seu tempo rematou.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Ben, xa vexo cal é o seu comportamento, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Gracias, señor presidente.

Brevísimamente para explica--lo voto respecto, fundamentalmente, como xa dixen, das iniciativas do Grupo Popular, dado que este portavoz requirira o Grupo Popular para que definitivamente se posicionase e en virtude diso estaría o voto do BNG.

O BNG abstívose respecto de todas as iniciativas do Grupo Popular dada a actitude que este tivo de desaire con toda a oposición, xa que nin sequera estableceu o diálogo previsto no tempo de interrupción da sesión para negocios entre os grupos e, se é o caso, transaccións. E evidente que para vir aquí

rufeño e aprobar exclusivamente as súas iniciativas lle chega cos 38 votos que ten e non precisa do resto do Parlamento.

Se negan o resto do Parlamento e se reduce a un grupo só, nós pasamos, é dicir, abstivémonos. E non votamos en contra porque, evidentemente, non imos incorrer en erros tan graves coma o do PP, que non se solidarizou cos cidadáns que exercitan os seus dereitos democráticos e as súas obrigas democráticas o vindeiro 2 de abril, reclamando unha solución para este país; ou que vota en contra de que se revise a situación de Galicia dentro da CEE; ou que se nega a que se cree unha Comisión parlamentaria para sacar do "impasse" no que se atopa a comarcalización de Galicia, que é un proceso mandado, ordenado polo Estatuto de Galicia e boicoteado polo señor Cacharro Pardo, que, e definitivamente, está visto que manda máis có señor Fraga, como mandaron sempre os señores feudais ante os reis electos, en precario, na Idade Media, que é o que representa don Manuel Fraga Iribarne neste país hoxe.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Beiras.

Ten a palabra o señor Rodríguez Pardo.

O señor RODRIGUEZ PARDO: Señor presidente, señorías.

Neste pouquiño tempo que temos vou facer un resumo de cal foi a nosa posición respecto do debate e da votación das propostas de resolución.

Nós non fixemos, como se observou, un voto mecánico, tiñamos liadas e estudias as distintas propostas de resolución e fomos realizando a nosa votación de acordo cos criterios que respecto de cada unha dela tiñamos despois da análise que fixemos.

E unha pena que ó Partido Popular e ó Goberno se lles endurecesen as arterias --as políticas, claro-- respecto do seu comportamento do ano pasado. Pode ser porque se non hai achegamento e non hai aprobación de ningunha proposta de resolución da oposición, así non teñen necesidade de incumprilas --como fixeron coas do ano pasado--; votando xa en contra, non se lles soben as cores ó dicir que incumpriron tales cousas, porque xa votaron en contra, e entón non teñen necesidade de incumprilas. E unha pena que se pechen --non vou dicir que estes sexan palacios de inverno, senón que máis ben parecen pavillóns ou palacetes--, incluso buscando un símil de onde se están vostedes encerrando, señores do Goberno, señores da maioría, penso que están un pouco xa case como naquela novela de García Márquez, como o coronel Aureliano Buendía, e, ó mellor, calquera día chegan as vacas e cómenlle--los fondos dos pantalóns.

De tódalas maneiras, o Partido Socialista díxoo onte, o noso secretario xeral veu aquí para lle tender unha man ó grupo maioritario que sustenta o Goberno e ó Goberno, para traballar polo país, pero non se aceptou. Pensamos que isto é un luxo, que este país non se pode permitir que a oposición lle tenda unha man ó Goberno para traballar conxuntamente polo país e que o Goberno non a acepte, este luxo é excesivo para Galicia, Galicia non está para pagar estes luxos.

Gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Rodríguez Pardo.

Ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe polo Grupo Popular.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Moitas gracias, señor presidente.

Vou facer tres observacións iniciais que, probablemente, cen-

tren perfectamente a nosa explicación de voto:

A primeira é que, señores da oposición, non estivemos en solitario na aprobación das nosas propostas de resolución, non sei se o recordan as súas señorías, ou se saben matemáticas.

Pareceume inefable --é o que me fai dubidar de se saben matemáticas-- aquel xogo estraño de números respecto da votación das 246, creo recordar, propostas de resolución debatidas nesta Cámara. E curioso ver como peloteaban os números entre os autores das mesmas e aqueles outros que resistentemente as estaban lendo apresuradamente a ver se lles conviña ou non votalas. Ese é o sentido de responsabilidade, señorías, que a nós nos animou. E recordarán que foi verdadeiramente inefable e incluso suscitou o sorriso xeneralizado da Cámara pola falta de entendemento da oposición, o cal significa que se a oposición non se entende a si mesma, ¿como queren que os entendámo--los do Goberno, que queremos exercer de responsables? Esta é a primeira cuestión.

Segunda cuestión, houbo unha razón de desestimación esencial das posturas da oposición xeneralizada, alguén desde esta tribuna dixo que en absoluto necesitaba os nosos votos, que bastaban os 37 votos --contaba mal, logo, despois, non eran 37, pero que lle bastaban os 37 votos-- para logra--las aprobacións, pois nin os 37 tivo, pero, por suposto, aínda que os tivese non vexo que prosperasen.

Terceira cuestión, teño que dicirlles a vostedes, en xeral, que me dá a impresión de que leron mal as nosas propostas, e leron mal todas as propostas en definitiva, porque 245 significan máis de catro horas de lectura durante un só minuto e, en consecuencia, non creo que a súa velocidade de discurso, de compoñenda e de conformación da vontade --se queren obrar responsablemente-- puidese ocupar tan bre-

vísimo tempo --que non tiveron, por certo-- para os efectos de pronunciarse aquí. Desde logo, nós si lemos, e con responsabilidade, e como cremos que, en efecto, non tiñamos tempo de conforma--la vontade ante o aluvión con que encheron vostedes de irresponsabilidade este debate coa guinda de 245 resolucións, decidimos que ningunha delas...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que remate, señor Portomeñe.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: --Remato, señor presidente-- era digna de aprobación. Dígolles, ademais, que ninguén neste mundo acepta con tanta facilidade e promete tanto desde unha tribuna coma aquel que non está disposto a cumprir, e ese é o caso da oposición, o Goberno sabe cando asume algo que o ten que cumprir e por esa razón temos sentido da responsabilidade, simplemente.

Remato, señor presidente, cunha chamada á responsabilidade de todos sen excepción, dicíndolles que aí fóra existen uns problemas e non un mero afán de debate nesta Cámara, que o prurito de subir a unha tribuna e encher un Parlamento de propostas de resolución non resolve en absoluto os problemas e que, en consecuencia, señorías, sumen esforzos e aforren dialéctica.

Moitas grazias.

O señor PRESIDENTE: Está esgotada a orde do día.

Garden silencio e póñanse de acordo en quen solicita a palabra.

O señor Alvarez leva un anaco de pé solicitando a palabra.

O señor ALVAREZ DOMINGUEZ: O señor Portomeñe non fixo na súa intervención unha explicación de voto...

O señor PRESIDENTE: Solicite a palabra, primeiramente, non reabra o debate, señor Alvarez.

O señor ALVAREZ DOMINGUEZ: Porque está incumprindo as normas regulamentarias ó non se cingir á explicación de voto, senón que abriu un debate en nome do Goberno e...

O señor PRESIDENTE: Señor Alvarez, non está no uso da palabra, non está no uso da palabra. O señor portavoz do Grupo Popular foille solicitado, e atendeu a esta Presidencia, que se ativese ós termos de explicación de voto e rematase co tema. Esta Presidencia entende que non vulnerou as ordes e non ten máis que dicir.

Se hai algunha outra cuestión de orde, agradézolles ás súas señorías que o expresen como cuestión de orde nos termos regulamentarios, pero anuncio xa que esta Presidencia non está pola idea de reabrir aquí ningún debate, porque entende que non houbo motivos para reabrilo.

(O señor Alvarez Domínguez pronuncia palabras que non se perciben).

O señor PRESIDENTE: De acordo, señor Alvarez, consta en acta a súa protesta.

Ten a palabra o señor Sánchez Presedo.

O señor SANCHEZ PRESEDO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu quería simplemente deixar constancia, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, de que eu comprendo que se pode estar a favor e en contra das distintas propostas que hoxe presentaron aquí os grupos parlamentarios, paréceme perfectamente lexítimo. Quero, simplemente,

en nome do Grupo Parlamentario Socialista, manifesta--la nosa protesta, e que quede en acta, porque o portavoz do Grupo Popular, que ademais é o portavoz do Goberno e conselleiro de Relacións Institucionais, cualifique de irresponsable o exercicio que a oposición fai dos seus dereitos parlamentarios. Paréceme moi grave, señor presidente, nun sistema parlamentario.

Moitas grazas.

(Aplausos na sala).

O señor PRESIDENTE: Queda reflectida en acta.

Ten a palabra o señor Oujo Bello.

O señor OUJO BELLO: Señor presidente, é unha cuestión de orde tamén.

O señor portavoz dos Socialistas dixo o que ía dicir eu, e vouno repetir. A nós parécenos que é irresponsable que queden nas actas as palabras ditas polo portavoz do Goberno, señor Portomeñe, porque nos parecen indignas desta Cámara. Eu digo que Coalición Galega presentou 15 emendas, que nós coñeciamos despois da reunión da Mesa as emendas presentadas pola oposición e que foron lidas, e pedimos que se retiren da acta as palabras do señor Portomeñe, como digo, con todo respecto e con todo cariño, porque me parecen indignas desta Cámara.

O señor PRESIDENTE: Queda formulada a súa petición.

Ten a palabra o señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, os grupos nacionalistas pedimos que o debate, este debate tan importante ...

O señor PRESIDENTE: Por favor,

señor Nogueira, ¿fala en nome propio, en nome do Grupo Mixto ou doutros grupos?

O señor NOGUEIRA ROMAN: Por favor, señor presidente, estou falando nos mesmos termos có resto dos portavoces.

Ben, este deputado pediu que o debate se desenvolvese en tres días, señor presidente, tivemos menos tempo para le--lo discurso do señor presidente có Grupo Popular para estudia--las nosas emendas; pedimos que as emendas se votasen ó día seguinte, señor presidente, e foi o señor Portomeñe o que se negou a que o debate fose en tres días, polo tanto, chameilles arrogantes e agora voules chamar tamén cínicos, porque é a explicación que se merecen ante este comportamento.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Pídlle ó señor Portomeñe que retire as palabras que poidan resultar ofensivas para os demais grupos, ou que aclare que non había esa intención.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Señor presidente, os grupos da oposición fixeron uso da palabra desde esta tribuna con toda a liberdade que esixe unha Cámara democrática, en consecuencia, intentar matizar desde as súas posturas e dictar cales teñen que se--las palabras de quen representa o grupo maioritario da Cámara, paréceme unha enorme pretensión.

En todo caso, saiban que nas miñas posturas nunca hai outra cuestión máis có mero afán de respecto absolutamente a todos, ese mesmo que esixo para o noso grupo. Pode que as miñas palabras soen en determinadas ocasións a dureza, pero créanme as súas señorías, en definitiva o diapason puxérono vostedes tan enormemente alto, que nunca eu lograría acadalo.

Segunda cuestión e última --e con isto remato--, cando falo de que 245 propostas de resolución, e llelo digo ás súas señorías como explicación, me parecen excesivas, dígollelo, señorías, e a vostede señor portavoz da oposición, señor Sánchez Presedo, porque no Congreso dos Deputados, por exemplo, 20 foi o número que en 1989 viu o debate, e poucas máis no 90, e, en todo caso, un portavoz significado do seu partido e grupo parlamentario, alí no Congreso dos Deputados, tachou o leve incremento que houbo no ano 90 como enormemente excesivo e pretensioso por parte da oposición. Non vallan as comparacións respecto dos demais, si valla, señorías, para dicir que nós tiñamos afán de estudio, de responsable posición, como acaeceu o ano pasado, mais non nos foi posible, e espero que as súas señorías comprendan que poden suscitar estas propostas de resolución como queiran. Desde logo, en nome deste grupo parlamentario e do Goberno, eu dígolles a vostedes que todas elas, con absoluta ponderación, sinceridade e seriedade, serán estudiadas e observadas sen necesidade de que formalmente atopen a súa conclusión e a súa aprobación.

Moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Portomeñe.

(Varios señores deputados piden a palabra).

O señor PRESIDENTE: Esta Presidencia non concede xa novas palabras.

Creo que o señor Portomeñe indicou que non había sentido pexorativo na palabra.

A Presidencia entende que se esgotou a orde do día e levanta a sesión.

Levántase a sesión.

Eran as oito e dez minutos do serán.

FOLLA DE SUBSCRICIÓN

PARLAMENTO DE GALICIA

Nome.....
Domicilio.....
Cidade..... Teléfono.....
Desexo subscribirme ó Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, de acordo coas condicións estipuladas a partir do día..... de..... de 19..... ata o 31 de decembro de 19.....
Con data..... de..... de 19....., enviolles por xiro ou talón nominativo, número....., a cantidade de.....pesetas.
..... de..... de 19.....
Asinado

Edición e subscrición:

Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Pazo do Parlamento. C/ Hórreo s/n. 15702 Santiago.
Teléfono 981/561600 – Ext. 238.
Subscripción anual: 3.000 ptas. Número solto: 75 ptas.

HOJA DE SUSCRIPCION

PARLAMENTO DE GALICIA

Nombre.....
Domicilio.....
Ciudad..... Teléfono.....
Deseo suscribirme al Diario de Sesiones del Parlamento de Galicia, de acuerdo con las condiciones estipuladas a partir del día..... de..... de 19..... hasta el 31 de diciembre de 19.....
Con fecha..... de..... de 19....., les envío por giro postal o talón nominativo, número..... la cantidade de.....pesetas.
..... a..... de..... de 19.....
Firmado

Edición y suscripción:

Servicio de Publicaciones del Parlamento de Galicia.
Pazo do Parlamento. C/ Hórreo s/n. 15702 Santiago.
Teléfono 981/561600 – Ext. 238.
Suscripción anual: 3.000 ptas. Número suelto: 75 ptas.

NOTA:

A subscripción é anual, por anos naturais. O período da subscripción remata o 31 de decembro de cada ano. As altas producidas durante o ano contaránse, para efectos de cobro, desde o día 1.º de cada trimestre natural, sempre que a data de subscripción sexa anterior a esta.

NOTA:

La suscripción es anual, por años naturales. El período de la suscripción finaliza el 31 de diciembre de cada año. Las altas producidas durante el año se contarán, a efectos de cobro, desde el día 1.º de cada trimestre natural, siempre que la fecha de suscripción sea anterior a esta.